




Xurdimento



Boletín Informativo-Cultural Centro Galego de Lleida

Año 2001




Comenzamos novo milenio

PRACTICA TUS DEPORTES FAVORITOS. SI QUIERES, AQUÍ PUEDES.

FRANCIA

PIRINEOS



Ara
LLEIDA

La espectacular naturaleza de Lleida permite disfrutar durante las cuatro estaciones del año de todos los deportes de aventura y montaña: escalada, rafting, cicloturismo, parapente... Si prefieres un contacto más tranquilo con la naturaleza, dedica un fin de semana a viajar en globo, navegar en canoa, pasear, montar a caballo por los Pirineos. Con tu familia, en pareja, o con amigos, si quieres, aquí puedes. Lleida disfruta de tus deportes favoritos.

Solicítanos información! Patronato de Turismo - Diputación de Lleida. Apartado de Correos 827
25080 Lleida. Tel: 902 10 11 10. Fax: 973 34 55 58 - E-mail: lleidatur@lleidatures - www.lleidatures

Deseo recibir información gratuita de Lleida.

Me interesa especialmente: Información general Naturaleza Deporte / Aventura Cultura

Nombre y Apellidos: _____ Edad: _____

Dirección: _____

Ciudad: _____

Código Postal: _____ Teléfono: _____

C. GALIÀ

Xurdimento

Edita: Centro Galego de Lleida
c/ Joc de la Bola, 20 - Lleida
Tel / Fax 973 27 48 27
E-mail: cengallei@teletelne.es

Redacción/Coordinación/Corrección:
Julio Couxil Vázquez
Juan R. Gómez Dacal
Rosa González Mahía
Xosé Rois/Luís Trigo

Depósito Legal: L-137-1988

Impresión y Autoedición:
E. Gráficos Rey, S.L.
Albert Einstein, 54, C/B, nave 15
Tel.: 93 377 16 23* • Fax: 93 377 67 62
08940 CORNELLÀ (Barcelona)
e-mail: disseny@graficasrey.com
http://www.graficasrey.com

INSTITUCIONS COLABORADORAS



SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS
COSAS COMUNIDADES GALEGAS



Paeria Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



Consell Comarcal del Segrià



Generalitat de Catalunya
Departament de Benestar Social

Federación de Centros
Galegos de Catalunya

Federación Casas Regionales de
Lleida

TABULEIRO DE CONTIDOS



Artículo	Autor	Páxina
Limiar. Saúda do Presidente	Xosé Terceiro Folgar	04
Mensaxe Presidente da Xunta	Manuel Fraga Iribarne	05
Paer en Cap de l'Ajuntament	Antoni Siurana i Zaragoza	06
Salutació	Josep Pont i Sans	07
Salutació. Delegat del Govern	Estanis Felip i Monsonis	08
Saúdo do Secretario Xeral	Fernando amarelo de Castro	09
El legat dels gallecs a la Cultura LL.	Juan Barios Ortiz	10
Consell Comarcal del Segrià	Francesc Teixido Ibars	11
El Bisbe de Lleida	Francesc Xavier Ciuraneta	12
El Cardenal-Arzobispo de Madrid	Antonio M ^o Rouco Varela	12
Un dos socios máis veteranos	Luís Trigo/Xulio Couxil	13
Vocalía da Muller	Marta Roigé i Mostany	14
En liña con Lleida	Sara Dobarro	15
A alimentación como sinal...	Guillermo Llorca Freire	17
L'art d'escriure	Miriam Basagaña i Farrés	18
Lleida, els fanalets de S. Jaume...	Vicent Morea i Navarra	19
Murguía e Valle Inclán	Federico Pomar de la Iglesia	22
Visita cultural a Guissona	M ^o Alba Gil Bardanca	24
A Condición feminina en C. Arenal	Manuela Santalla López	25
Una reserva natural humana	Ramón Oliva Montoy	26
Galicia: Terra,xente,lingua, pobo	Rosa González Mahía	27
Derecho a la vida y a la integridad...	Jesús Steiro Casanovas	30
Guillermo Carnero	Marisa Torres Badía	31
Un vello que morre é unha ...	Xosé Carlos G. González	32
Lendas de As Pontes	Esperanza Piñeiro/Andrés Gómez	34
El latín y el griego son lenguas vivas	Alfonso López Quintás	35
Acción cultural no Noroeste galego	Bonifacio Borreiros	36
Dos misterios: Compostela/El camino	Severino Fernández Vereá	37
Xilgafolk-2000	Antonio Díaz Fernández	40
O Magosto	Daniel Vila López	43
Culpables de opacidade	Vicente Golmayo Enrique	44
Conversa cun zoqueiro	Carlos de Torres	45
Els discapacitats també som persones	Albert Suevos Guillamet	46
Aventuras e desventuras...	Juan José de Ozámiz Lestón	47
Recuncho da POESÍA	Xosé Rois/Jéssica Padilla/Elia Rico	48
Juan XXIII va visitar Lleida...	Jordi Curcó	50
Evolució demogràfica...	Francesc Closa i Salinas	52
Encuentro entre la fe y la cultura	M ^o Angeles Almacellas Bernadó	55
Viaje a Cantabria	Pilar Canyadell	56
Otro paso ecológico	Meritxell Terceiro Canyadell	57
A vaca triste	Luis Villares	58
La cátedra Gaudí	José Luis Burón Alegre	59
Amigo do home: O Can	Juan Rodríguez Gómez Dacal	62
As ánimas ás portas do inferno...	Margarita Sánchez	65
O retorno dos emigrantes galegos...	Xosé Ramón Campos Álvarez	68
"O Centro" nos xornaís	Composición/Redacción	71
Manuel Murguía...	Pura Salceda Carballeda	75
Fets, costums i llegendas	Joan Bellmunt i Figueras	79
Los catalanes en la comarca de Ferrol	José López Hermida	80
Internet: La relevància política ...	Emma Suevos i Guillamet	81
Carta a una gran persona	Pili Canyadell	83
Grupo Cengallei	Un oínte á escoita	84
Las casas regionales, una realidad...	Cosme García i Mir	85
Actos do "Centro Galego 200"	Redacción/Luís Trigo	87

SAÚDA



Amigos, socios e simpatizantes, unha vez máis teño a oportunidade de dirixirme a vosoutros mediante a nosa revista "Xurdimento".

Xa estamos no novo século que comeza algo alborotado, somentes fai falla le-lo xornal polas mañás ou escoitalos medios de comunicación ou consultar unha web informativa calquera de internet: entre malos tratos ás mulleres, as catástrofes naturais, a inseguridade de estar implicados na encefalopatía esponxiforme bovina, quen sabe se poderemos, algún día, respirar tranquilos; agardo, non sei para cando, pero coido que si.

Do que si estou completamente seguro é de que o Centro é unha realidade, lembrando unhos anos atrás, parecíanos unha misión imposible manter o ritmo que nos tiñamos marcado realizando actividades que chegan a realizarse cada semana, mensuais, anuais... como A matanza do porco, o Entroido, o día da Festa do Pulpo, a Calçotada, as Semanas Culturais...

A necesidade de adquirir un novo local que servira como almacén para poder gardar todo o que estas actividades requiren é un grande logro. Algún día teremos que prever un encontro ou xuntanza alí, para que todos podades velo, xa que é fruto do esforzo de todos, por iso a Xunta Directiva e eu mesmo pedímosvos a tódolos socios que sigades dándonos o mesmo entusiasmo e apoio. Así é moi fácil presidir este Centro Galego.

No Grupo de Danza, onde temos membros de tódalas idades, fariannos falla algúns alumnos máis. A xuventude nótase a faltar para completar os nosos obxectivos.

A Coral Cengallei está xa moi consolidada e deléitanos coas súas actuacións alí onde lle piden a súa participación ou colaboración, que realiza desinteresadamente e deixando moi alto o noso pabillón.

A Vocalía da Dona segue poñendo o seu gran de area e sempre da o seu toque e puntíño de brillantez, xa que tódolas súas compoñentes son moi animadas e están predispostas a axudar no que sexa.

Tamén temos un recordo e lembranza para aqueles que ó longo do ano xa nos deixaron.

Deséxovos un feliz ano, o último en pesetas, xa que o vindeiro teremos ó señor Euro.

XOSÉ TERCEIRO FOLGAR
Presidente do Centro Galego de Lleida

MENSAXE DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA ÓS GALEGOS E CENTROS DO EXTERIOR



Cando chegan os tempos de Nadal nas derradeiras datas de cada ano, cando os corazóns dos homes senten de novo a tenrura da infancia e da inocencia, cando os sentimentos máis fondamente fraternos latexan nos corazóns, cando a paz entre xentes e pobos é unha arela máis fervente, cando desde o ceo requiren a boa vontade, é costume xeral e, pola miña parte, sincera querencia expesar os mellores desexos de felicidade e prosperidade a todos cantos vividos alonxados da terra nai e a tódalas vosas familias.

Son datas nas que agroman a amizade, a solidariedade, a xenerosidade, nas que amorean en nosoutros os recordos e rexurden con moita forza aqueles acontecementos vividos, nas que a máis sinxela e verdadeira a sinceridade no sentir e no convivir, por iso os enlazamentos de uns e outros se fan máis sensibles e as realcións comúns máis trabadas pola orixe, pola tradición, pola identidade e, aínda diría, polos obxectivos compartidos un día tras outro.

Tamén nestes días e o tempo das revisións e dos balances, do rexistro dos feitos e da memoria dos días, do empeño nas rectificacións e do esforzo en rematalos proxectos. Non é hora de desánimos nin decaimentos, non; é a das revitalizacións e dos novos pulos para alcanzar un porvir aínda máis compracente e mellor, axeitado

ós tempos vindeiros para afirmala galegitude de maneira sólida e permanente, tan firme como fecunda, tan atraínte para amocidade como acolledora e impulsora foi e é para tantos miles de galegos espallados polo mundo.

As nosas esperanzas aséntanse no esforzo, na xenerosidade e nas ilusións de seguir crescendo como pobo desenvolvido, máis noso cada día e máis de todos nós, sen reparo algún polo lugar ou país nos que se teñan a vida, o traballo e esas novas raíces dos fillos e dos netos que tanto tiran, e sen perdelas fidelidades ás vellas e boas costumes e ás crezas de sempre.

Agora mesmo, cando no horizonte asoma unha nova era da humanidade, os vosos quefaceres, as vosas tarefas persoais e comunitarias, os acontecementos asociativos dos vosos Centros e Casas, as afervoadas actitudes de todos vosoutros, a mesma historia comunitaria que levades xa escrita desde fai moitos ou poucos anos, abundan para demostrala vitalidade de Galicia e dos galegos fora e lonxe da terra.

Como galego e como Presidente de Galicia, échome de xusto orgullo o recoñecer unha admiración grande polo voso traballo, que non deixa de ter os seus atrancos, pola eloxiable capacidade de iniciativas e de realizacións das vosas Asociacións e Centros, polas actividades cotiáns e polas accións extraordinarias que levades adiante no mantemento da común identidade, da nosa cultura e da proxección da nosa realidade.

Levo feitas visitas á meirande parte das vosas Comunidades nos meus viaxes e coido que ben me decatei da estima e aprecio en que vos teñen nasa distintas cidades e países. Para nós é unha honra impagable ese prestixio, comprobado na actitude das xentes e asemade nas dos dirixentes sociais e políticos, como é tamén un compromiso que nunca esquecín e que non deixo de ter no conxunto das miñas preocupación e afáns.

Quero agradecer a cada un, a cada unha das vosas familias, ás xentes dese concello, desa provincia, desa rexión ou Comunidade Autónoma, dese país, todo o que facedes para ben dos galegos e de Galicia. Uns aportando a vosa adicación ó vivir comunitario, e outros apoiando e axudando ó mellor desenvolvemento das vosas accións.

Xunto a esa gratitude xeral e sincera, a miña felicitación neste Nadal, co desexo de que o Aninovo veña recheo de ledicia e dunha crecente prosperidade para todos e de maneira especial para cantos galegos e españoles vividos físicamente fora das nosas terras.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia



EL PAER EN CAP DE L'AJUNTAMENT DE LLEIDA



El Centro Galego enceta el 2001 amb una nova edició de la revista "Xurdimento", l'òrgan de difusió de les activitats i de les inquietuds de la vostra entitat, que són moltes. El Dia de Breogán, la Setmana Cultural, Conferències, Exposicions, Actuacions Folklòriques... són alguns dels nombrosos actes que, al llarg de l'any, uneixen a les més de 100 famílies que pertanyeu a l'entitat.

Personalment, valoro molt la tasca que duu a terme les Cases Regionals a Lleida. El teixit social de la ciutat es beneficia de la riquesa i de la singularitat de cada una d'elles. Les persones que hi esteu al darrera treballem amb un tarannà obert i integrador perquè aquestes entitats no esdevinguin cercles tancats sinó centres emissors de cultura i tradicions pròpies i, a la vegada, receptors de tot el que Lleida pot oferir. Una diversitat que permet a qualsevol ciutadà o ciutadana pertànyer a la vegada al Centro Galego, als Castellars de Lleida i a la Festa dels Moros i Cristians, per posar un exemple.

Desitjo que el 2001 sigui un any molt positiu per a vosaltres. Vull agrair també l'esforç de tots els que heu treballat per tirar endavant el Centro Galego al llarg dels seus 24 anys de vida. Aquesta extensa trajectòria és una excel·lent prova de la vostra vitalitat.

O Centro Galego enceta o 2001 cunha nova edición da revista "Xurdimento", o órgano de difusión das actividades e das inquedanzas da vosa entidade, que son moitas. O Día de Breogán, a Semana Cultural, Conferencias, Exposicións, Actuacións Folklóricas... son algúns dos numerosos actos que, ó longo do ano, unen ás máis de 100 familias que pertencen á entidade.

Persoalmente, valoro moito a tarefa que levades a cabo as Casas Rexionais en Lleida. O tecido social da cidade benefíciase da riqueza e da singularidade de cada unha delas. As persoas que estades atrás facedes todo cun xeito de traballo aberto e integrador para que estas entidades non se convirtn en círculos pechados senón centros emissores de cultura e tradicións propias e, á súa vez, receptores de todo o que Lleida pode ofrecer. Unha diversidade que permite a calquera cidadán ou cidadana pertencer ó mesmo tempo ó Centro Galego, ós Castellars de Lleida e á Festa de Mouros e Cristiáns, por poñer un exemplo.

Desexo que o 2001 sexa un ano moi positivo para vosoutros. Quero agradecervos tamén o esforzo de tódolos que traballástedes para levar adiante o Centro Galego ó longo dos seus 24 anos de vida. Esta extensa traxectoria é unha excelente proba da vosa vitalidade.

ANTONI SIURANA I ZARAGOZA
Alcalde de Lleida



SALUTACIÓ

Un any més, la revista *Xurdimento* del Centre Galego irromp en el camp de les publicacions periòdiques per fer balanç de les activitats de tot un curs, i, amb ella, la possibilitat d'adreçar-vos, en tant que President de la Diputació, aquestes ratlles.

La confluència de cultures i gent diverses és un estigma determinant del tarannà d'aquestes terres i de la seva gent. Per tant, la comunitat gallega de Lleida és una entitat més dintre del ric panorama social i cultural de la ciutat.

Per tot això, em complau en gran manera d'expressar-vos la meva satisfacció i adhesió als vostres projectes i activitats, les quals ens enriqueixen, a tots plegats, com a poble.

Un ano máis, a revista *Xurdimento* do Centro Galego irrompe no compo das publicacións periódicas pa facer balance das actividades de todo un curso, e, con ela, a posibilidade de dirixirvos, en tanto que Presidente da Diputación, estas liñas.

A confluencia de culturas e xentes diversas é un estigma determinante do sinal de identidade destas terras e da súa xente. Por tanto, a comunidade galega de Lleida é unha entidade máis dentro do rico panorama social e cultural da cidade.

Por todo eso, compráceme en grande maneira expresarvos a miña satisfacción e adhesión ós vosos proxectos e actividades, que nos enriquecen a todos xuntos, como pobo.

JOSEP PONT I SANS
President de la Diputació de Lleida

SALUTACIÓ



El “Centro Galego” s’ha caracteritzat al llarg dels seus anys d’existència per un esforç permanent amb el noble objectiu d’estrènyer els llaços d’unió entre els gallecs d’aquí i els lleidatans. Uns vincles de la naturalesa més diversa, socials, laborals, econòmics i culturals, tots ells necessaris per a la convivència en harmonia de gent amb arrels diferents, però amb un esperit que presenta molts punts en comú.

La tasca que veniu fent els gallecs de Lleida és una mostra evident de que el fet que els pobles gaudeixin d’uns trets particulars i diferencials no és un factor d’incomprensió ni de manca d’avinença. Ben al contrari, precisament perquè som conscients del valor i de la força d’aquelles arrels nostres comprenem a la perfecció les dels altres i el que per ells també signifiquen. I aquest “entendre i saber posar-se en el lloc de l’altre” no fa més que incrementar els sentiments d’entesa, respecte i solidaritat entre la gent i la seva enriquidora diversitat.

Les terres de Lleida tenen el goig de veure com els gallecs que viuen i treballen a Lleida, els lleidatans d’origen, mantenen una relació exemplar en la línia que més amunt expressava. Galícia i Catalunya són dos pobles amb un rere fons històric i cultural molt important que no admètria que la convivència entre la seva gent no estigués a l’alçada que li correspon.

Estic convençut de que aquesta compenetració té la seva continuació garantida. Us vull agrair la tasca dinamitzadora i d’integració que realitzeu perquè així sigui i us encoratjo a continuar-la fent amb la mateixa bona predisposició.

O “Centro Galego” tense caracterizado ó longo dos seus anos de existencia por un esforzo permanente co nobre obxectivo de estreitar lazos de unión entre os galegos e os lleidatáns. Uns vínculos da natureza máis diversa, sociais, laborais, económicos e culturais, todos eles necesarios para a convivencia en harmonía de xentes con raíces diferentes, pero cun espírito que presenta moitos puntos en común.

A tarefa que estades facendo os galegos de Lleida é unha mostra evidente de que o feito que os pobos gocen duns rasgos particulares e diferenciais non é un factor de incomprensió nin de falta de entendemento. Ben ó contrario, precisamente porque somos conscientes do valor e da forza daquelas raíces nosas, comprendemos á perfección as dos outros e o que para eles significan. E este “entender e saber poñerse no lugar do outro” non fai máis que incrementar os sentimentos de entendemento, respecto e solidariedade entre a xente e a súa enriquecedora diversidade.

As terras de Lleida teñen o gozo de comprobar cómo os galegos que viven e traballan en Lleida, os lleidatáns de orixe, manteñen unha relación exemplar na liña que denantes expresaba. Galicia e Cataluña son dous pobos con un pouso histórico e cultural moi importantes que non admitiría que a convivencia entre a súa xente non estea á altura que lle corresponde.

Estou convencido de que esta compenetración ten a súa continuación garantida. Quérovos agradece-la tarefa dinamizadora e de integración que realizades para que sexa así e ánimovos a continua-la facendo ca mesma boa predisposición.

ESTANIS FELIP I MONSONIS
Delegat territorial del Govern

SAUDO DO SECRETARIO XERAL

Case parece unha obriga, a pesares da leducia que é sempre comunicarme con vosoutros, escribir algunhas palabras de saúdo e de recordo nos días que, nese pasar do tempo, rematan os anos. Por iso, desde as páxinas de todas e cada unha das revistas e boletíns das nosas Comunidades, quero dirixirme a todos vosoutros e agradaríame moito que acollerades esta salutación dun xeito persoal e familiar, tal e como se fose a cada un individualmente e a cada un dos nosos Centros, recordando aqueles inesquecibles momentos nos que tiveren a sorte e o pracer de convivir con vosoutros e de compartir calquera das actividades que desenvolvedes e que non son, por certo, poucas nin cativas.

Cada unha das publicacións da nosa Galeguidade, conformada moi especialmente por tódolos Centros e Asociacións dos galegos do exterior, contén un mesmo espírito e demostra unha unidade de sentimentos e de inquedanzas. Nas páxinas dunhas e doutras, reflíctese sempre o valor da irmandade compartida, da identidade con forza, dos feitos e das actividades que sosteñen e identifican. Elas, na súa sinxeleza, levan sempre unha mensaxe propia e común, pois acurtan distancias espaciais, conxugan pensamentos plurais, evocan cousas e lugares, recordan feitos e escritos dos devanceiros e axustan ás xeracións que participan na vida dos Centros.

Hoxe en día, acadada unha presenza máis universalizada de cada unha das nosas Comunidades polos novos procedementos informáticos, xa non están illadas as actividades que realiza cada un dos nosos Centros, por canto teñen a accesibilidade instantánea para quen queira saber delas ou, anticipadamente, nelas participar. Por outra banda, é un bo sistema para coñecer as programacións e proxectos duns e doutros, para a comunicación áxil e no momento, para dispoñer con tempo aquelas colaboracións necesarias e convintes.

Todo iso incrementa e favorece tamén os vencellamentos entre tódalas xentes galegas da diáspora e serve de medio de unión e de bo camiño para remediar afastamentos. É indubidable que nos últimos anos acrecentouse a variedade das actividades asociativas e a mesma proxección delas nas sociedades e pobos nos que están inseridos os nosos Centros e Casas, e non foi alleo a esa maior aceptación e prestixio o labor dos Grupos artísticos e deportivos e os seus niveis de calidade en progresiva mellora, como tampouco o foi a divulgación e espallamento de todo o que é galego polas accións que tiveron a cooperación dos Centros radicados nun área xeográfica ou nun determinado país.

Nos días de Nadal, certamente, agudízase a boa vontade do homes e a nosa cordialidade sae máis facilmente nas relacións e nos sentimentos, por iso quero aproveitar esta comunicación para insistir na necesidade de incorporala mocidade a tódalas actividades atraíntes para ela e os seus intereses, xa que na súa vitalidade e nas súas esixencias anda a continuidade e o provir das nosas Comunidades.

Desexo, por último, felicitarvos a todos por canto levades feito, polo voso empuxe que, día a día, alonxa medos ó desfalecemento ou desánimos ante calquera causa, polas aportacións individuais e comunitarias que soubéstedes darlle á Galicia nos vosos ámbitos da galeguidade e porque, desde os corazóns de todos vosoutros, proxectades cotiánmente á nosa terra, na súa cultura e nas súas acendradas tradicións.

Un bo Nadal e un Aninovo con felicidade e acertos para cada un, para cada familia, para cada Centro. Que este novo ano, inaugural dun milenio sexa venturoso para todos e para tódalas Comunidades galegas do mundo.



FERNANDO AMARELO DE CASTRO
Secretario Xeral de Relacións coas Comunidades



EL LEGAT DELS GALLECS A LA CULTURA LLEIDATANA



La tasca que du a terme Xurdimento de realitzar, any rera any, un recull històric de les seves activitats és una de les contribucions més de les moltes que aporta el Centro Galego de Lleida per a difondre el treball que realitzen totes les seccions de la Institució en els camps de la llengua, la cultura, el folklore i les tradicions. Aquesta tasca es reflecteix minuciosament a través de les pàgines d'aquesta revista que està a l'abast dels socis, amics i simpatitzants dels gallecs a Lleida.

Un bon exemple d'aquesta programació és la Matança do Porco, el Día das Letras Galegas, el Día de Breogán, La Castanyada, la Festa do Pulpo, les actuacions de la Coral Cengallei i del Grupo Folklòric Xurdimento. A més cal destacar la participació de la seva Confraria en les processons de Setmana Santa, en la Festa Major de Maig i en la Verge Blanca, les excursions que organitza el Centre del de Lleida arreu de Catalunya i d'Espanya i les nombroses activitats que du a terme l'Àrea de la Dona del Centre.

Sóc un dels convençuts que aquesta tasca, els records i la reproducció dels costums de la seva terra en les Comarques de Lleida aporten un enriquiment a la nostra cultura. Tot això es pot apreciar clarament a través de Xurdimento, endinsant-se en el Centre Gallec, o bé, a través de la seva aportació a la Federació de Cases Regionals de Lleida.

O labor que leva a termo Xurdimento de realitzar, cada ano, unha recolla histórica das súas actividades é unha contribución máis das moitas que aporta o Centro Galego de Lleida para difundir-lo traballo que realizan tódalas seccions da Institución nos campos da lingua, cultura, folclore e tradicións. Este labor reflíctese minuciosamente ó longo das páxinas desta revista que está ó servizo de tódolos socios, amigos e simpatizantes dos galegos de Lleida.

Un bo exemplo desta programación son: A matanza do Porco, o día das Letras Galegas, o día de Breogán, o Magosto, a Festa do Pulpo, as actuacións da Coral Cengallei e do Grupo Folklórico Xurdimento. Ademais hai que destaca-la participació da súa Confraría nas procesións da Semana Santa, na Festa Major de maio e da Virxe Branca, as excursións que organiza o Centro de Lleida por Catalunya e tamén por Espanya e as numerosas actividades que leva a cabo a Área da Dona do Centro.

Eu son un dos convencidos que este labor, os records, as lembranzas e a reproducció dos costumes da súa terra nas Comarcas de Lleida aportan un enriquecemento á nosa cultura. Todo esto pódese apreciar claramente a través de Xurdimento, adentrándose no Centro Galego, ou ben, á traveso da súa aportación e participació na Federación de Casas Rexionais de Lleida.

JOAN BARIOS I ORTIZ

Subdelegat del Govern de l'Estat a Lleida.



CONSELL COMARCAL DEL SEGRIÀ

Com a president del Consell Comarcal del Segrià, em complau d'adreçar-me a tots els socis i les sòcies del Centre Gallec de Lleida per expressar-los el meu suport en totes les iniciatives que, com aquesta publicació, duen a terme amb la més gran il·lusió.

Som a l'inici d'un any, d'un nou segle, i és tot just per això que us encoratjo a seguir endavant amb les tasques que veniu fent des de fa temps, i perquè, amb esperit renovat, enceteu aquest nou període continuant amb la inestimable aportació que feu any rere any al calendari d'activitats culturals de Lleida.

Des del Consell Comarcal del Segrià sempre ens hem congratulat que la gent vinguda d'altres parts de l'Estat mantingui viva la flama dels seus orígens i contribueixi, així, a enriquir les mostres de cultura popular que es desenvolupen arreu de la nostra comarca, alhora que participen, com sempre, en la cultura pròpia de les terres que els han acollit i on han desenvolupat la seva activitat professional i social.

Des del Consell Comarcal del Segrià us animem, un cop més, a seguir endavant amb la vostra tasca al Ponent de Catalunya.

Como presidente do Consell Comarcal del Segrià, compráceme dirixirme a tódolos socios e socias do Centro Galego de Lleida para expresarvos o meu soporte en tódalas iniciativas que, como esta mesma publicación, levades a termo con grande ilusión.


Estamos ó inicio dun ano, dun novo século, e é por todo esto que vos animo a seguir adiante coas tarefas que vindes facendo desde hai tempo, e para que, con espírito renovado, encetedes este período continuando coa inestimable aportación que facedes ano a ano ó calendario de actividades culturais de Lleida.

Desde o Consell Comarcal del Segrià sempre nos temos congratulado de que a xente vida doutras partes do Estado manteñan viva a chama das súas orixes e contribúan, así, a enriquece-las mostras de cultura popular que se desenvolven ó longo da nosa comarca, ó mesmo tempo que participan, como sempre, na cultura propia das terras que os teñen acollido e onde desenrolan a súa actividade profesional e social.

Desde o Consell Comarcal del Segrià animámosvos, unha vez máis, a seguir adiante coa vosa tarefa ó Ponent de Catalunya.

FRANCESC TEIXIDO IBARS
President del Consell Comarcal del Segrià

El Bisbe de Lleida



Agraeixo de tot cor l'oportunitat, que se m'ofereix, de poder dirigir unes paraules de salutació a tots els estimats diocesans que, originaris de les terres de Galícia, conviviu, amb esperit cívic constructiu i col·laborador, com uns lleidatans més, en la nostra Ciutat de Lleida.

Us desitjo que aquest any, amb què entrem ja plenament en el tercer mil·lenni, sigui una etapa venturosa en la vostra vida. Que us acompanyi la certesa de l'amor de Déu, que va enviar el seu Fill Jesucrist per a ensenyar-nos el millor camí per aconseguir una convivència cordial i solidària: la donació de si mateix. Ho hem recordat i agraït durant la celebració del Jubileu de l'any 2000. I ho hem de seguir recordant i celebrant perquè, en aquesta certesa confiada de l'amor del Déu Pare, hi ha el fonament més sòlid de l'estimació entre tots els homes. Sabedors de l'amor de Déu, podem estimar amb joia tothom, sense excloure ningú, com Déu no exclou ningú del seu amor.

I des d'aquesta certesa de l'amor de Déu, que pot agermanar totes les diversitats, treballem tots. Cadascun des de la seva responsabilitat, per la construcció d'una Ciutat, rica en progrés material però també plena de valors morals i espirituals. Que siguem capaços de posar l'escalf d'unes relacions amistoses en el cor de la nostra Ciutat, amenaçada, com tantes altres, per l'anonimat individualista i la indiferència egoista envers els altres. Que amb nostre afecte, bona convivència i amistosa acollida de tothom creem una Lleida humana, amable i acollidora.

+ FRANCESC XAVIER CIURANETA AYMI
Bisbe de Lleida



El Cardenal-Arzbispo de Madrid


Queridos amigos, miembros y simpatizantes del **Centro Gallego** de Lleida:

En las postrimerías del Año Jubilar, en el que celebramos el Dos Mil aniversario de la Encarnación y del Nacimiento de Nuestro Señor Jesucristo, quiero, ante todo, por medio de estas páginas de la revista "Xurdimento", desearles de corazón, a todos ustedes y a sus familias, las abundantes gracias y bendiciones que Dios nos envía, a manos llenas, a través de su Iglesia Santa.

Es distintivo de ese querido **Centro Gallego** el especial interés por cuidar con esmero el tesoro de la verdadera amistad, que es ante todo un regalo que Dios nos concede. Olvidar que la amistad es un don, termina necesariamente por destruirla, y sin ella el hombre queda herido en el centro mismo de su humanidad. Vivimos en un mundo que, desgraciadamente, no sólo no cuida la amistad, sino que a menudo la maltrata, y hasta extremos terribles. Desde la ruptura de las familias, que deja solos a sus miembros, con la dramática secuela de la desatención de los hijos y el abandono de los abuelos, pasando por una competitividad inmisericorde en los distintos ámbitos de la vida social y política, hasta llegar a la terrible lacra del terrorismo, y de las guerras que no cesan en tantos lugares del mundo. En un momento así, la bella experiencia de amistad que viven en el **Centro** es una luz y una esperanza. Por mi parte, les animo de corazón a seguir cuidando esa amistad, como lo que es: don gratuito, que genera gratitud, amor auténtico, ese amor con el que todos deseamos ser amados. El Amor con que Cristo nos ama, el Amor que es Cristo mismo. Quiera Él ayudarnos a todos, al entrar ya en el tercer milenio cristiano, a acoger su Amor, para gozarlo y compartirlo en todos los momentos y circunstancias de la vida; sólo así puede vivirse una vida realmente humana, y sólo así se construye un mundo que sea en verdad digno del hombre.

Para los miembros y simpatizantes del **Centro**, y para vuestras familias, mi saludo más cordial, junto con mis deseos de que la celebración de este Año Jubilar sea ocasión para todos de vivir esa plenitud de vida que sólo Cristo puede darnos. Con todo afecto y mi bendición.,

+ Amigo mio de Xurdimento
Cardenal-Arzb. de Madrid



CADRO de HONRA

Un dos nosos socios máis veteranos



Na comarca da "Terra Chá", atópase o municipio de *Xermade*, caracterizado porque nel comezan as serras de Carbá, cos montes de Castrillón e Peñote; e as serras de Chao de Goa e A Loba, cos montes de Serrón do Lobo e Candieiro. Os naturais deste municipio de *Xermade* son persoas moi inqedas e teñen sona de seren promotores de grandes sociedades culturais. Dos anos vinte coñécense tres: "Liga Agraria de

Xermade, Hijos de Roupar e Hijos de San Mamede de Momán". Todas elas de La Habana, costearon as escolas de Roupar e Coto de Ameixeiro.

Posiblemente Celso, o socio escollido neste número para continuar coa sección de honor, sexa herdeiro desta inqedanza, posto que naceu en *Momán*. Os nosos lectores e simpatizantes xulgarán.

Celso González González, o día 25 de xuño cumple 73 anos, pero ten unha vitalidade tan grande coma un rapaz novo. O seu estado de saúde pasou por momentos moi delicados ata o punto de ter que ser intervido no quirófano e recibir axuda coronaria. Hoxe atópase completamente recuperado e témo-la sorte de compartir con el unha chea de cousas, e desexámoslle que continúe así por moito tempo.

É un dos fundadores e tesoureiro do Centro Galego de Lleida. Participou na fundación da Federación de Entidades Galegas en Cataluña e é o delegado ante esa Federación.

A súa vida está chea de historia e anécdotas. Como persoa merece a nosa atención aquí, para perpetuar unha tarefa engaiolante e exemplar, tanto a del como a da súa esposa.

A súa xuventude pasouna percorrendo carreiros, camiños, atallos e corredoiras atravesando a Veiga e Piñeiro para chegar Ás Pontes. Outras veces collía cara Burgás, entrando en Vilalba. As menos, atravesaba todo o municipio de *Xermade*, Cabreiros, Roupar, Casanova, A Graña e Muras. Unhas veces andando (moi poucas) e outras en bicicleta. As mozas merecían

an o esforzo. En ocasións á volta facíase de noite e o percorrido enchíase de percances, como aquela vez en que se atopou cun animal deitado no medio do camiño e pensou que era un can, pero resultou ser un lobo. Daquela non se botaban ás persoas. Medo no levou, segundo nos contou, pero... Noutra ocasión voltaba da festa e ó tempo que pedaleaba escoitaba un son non habitual, da bicicleta non era. Andivo un bo rato preocupado e algo "mosquexado", ata que por fin descubriu o produtor daquela intriga: era un moucho.

Cando estaba facendo o servizo militar no parque de automobilismo da Coruña, sacou o carné de conducir, e esto axudoulle para presentarse ós exames da Policía Armada en Madrid. O seu primeiro destino foi a Barcelona, como conductor. Despois trasladárono a Oviedo, onde estivo 3 anos, e por último veu a Lleida definitivamente. Aquí coñeceu a **Nuria Tinturé**. Casaron no 1958 e teñen dous fillos. Despois de xubilarse da P.A. aínda se dedicou a traballar nun taxi da súa propiedade uns anos. Hoxe, completamente xubilado destes traballos, é un puntal importante no Centro.

A súa esposa, Nuria, catalana da terra ferma, soupo conxuga-las inqedanzas galegas coa integración catalana e participa activamente no Centro, formando parte da Vocalía da Dona, axudando en tódalas tarefas que se lle propoñen, e aportando as súas suxerencias e coñecementos.

Da súa andaina e traxectoria galeguista, tense que destacar o traballo e dedicación ó Centro. Sempre buscou momento e tempo para non esquece-las súas obrigas. Dende o principio estivo en tódalas reunións que a nivel de Cataluña fixeron os Centros Galegos. Participou, como representante do C.G.de Lleida, en tódolos Congresos da Galeguidade que se fixeron en Galicia, sendo elixido, por Cataluña, como delegado permanente durante unha lexislatura (dous anos). Estivo en Baiona, A Toxa, Lugo, Ourense e Santiago de Compostela, aportando sempre a súa dedicación e entrega. Suxerencias, conversas, propostas... gañando amigos e deixando o pavillón do Centro Galego de Lleida á altura que merece.

**Luís Trigol/
Xulio Couxil**



Vocalía da muller

La Vocalía ha venido realizando, como en años anteriores, actividades propias de la vocalía así como también las realizadas en colaboración con la Junta Directiva. Como es tradicional desde hace varios años, la vocalía se reúne todos los martes y jueves por la tarde, realizando diversas actividades de costura, pintura, manualidades etc.

En el mes de Febrero, dentro de los actos conmemorativos del día internacional de la mujer trabajadora, organizados por el Ayuntamiento y diversas Entidades culturales, se realizaron los días 22 y 23 de Febrero una visita a las instalaciones del *Diari Segre* de Lleida y otra a las instalaciones de TV3 en Lleida, en donde pudimos comprobar cómo se imprime actualmente un diario y también cómo se realizan las diferentes conexiones con los servicios de Televisión desde Lleida con los servicios centrales de Barcelona.

En el mes de Marzo, y siguiendo con los mismos actos conmemorativos, que este año el Ayuntamiento dedicó a las mujeres y medios de comunicación, la Vocalía asistió a los actos organizados en el *Teatre de l'Escorxador* consistentes en una conferencia de la periodista *Mercedes Milá* con la presentación de un libro sobre mujeres leridanas que trabajan y han trabajado en medios de comunicación. A continuación y en el mismo lugar, se rindió un homenaje a María Teresa, que fue la primera locutora de Radio Lleida que en este año 2000 celebró el 50 aniversario.

En el mes de Marzo, como todos los años, organizamos la tradicional *calçotada* en la Ermita de Granyena, a la que asistieron alrededor de setenta socios y simpatizantes.

En el mes de Abril, se celebró la *IV FESTA DO PULPO*, fiesta que además de haberse consolidado, es ya esperada por nuestros conciudadanos, que acuden cada año a probar los productos que allí se ofrecen: *Pulpo, patatas, pan y vino gallegos*.

En el mes de Mayo, participamos varios miembros de la vocalía en la *Fiesta de Moros y Cristianos*, dentro de los actos de la Fiesta Mayor en honor de San Anastasio.

En el mes de Junio, como clausura del curso 1999-2000, organizamos un viaje cultural y gastronómico al *Monasterio de Piedra* y una visita a la *Basilica del Pilar*.

Durante el mes de Diciembre, se organizó una excursión a *Guissona*, con la finalidad de visitar las instalaciones de la Cooperativa agraria, las ruinas arqueológicas y el museo, inaugurado recientemente. Durante este mes, varias componentes de la vocalía, participamos en la *MARATÓ DE TV3*, dedicada este año, a la investigación de la esquizofrenia,

con el lema: *L'esquizofrènia divideix la ment i la família*.

Para finalizar las actividades del año 2000 y para celebrar la festividad de Santa Lucía, nos reunimos todas en una cena, como también es habitual todos los años. Este curso 2000-2001, seguimos con todas las actividades y esperamos que os integréis todas las socias.

MARTA ROIGÉ I MOSTANY
Presidenta de la Vocalía



EN LIÑA CON LLEIDA



As modernas vías de comunicación acortan distancias e fannos sentir máis perto uns de outros. Así, cataláns e galegos, lleideatáns e ferroláns ou paisanos en Cataluña estreitamos lazos e podemos contactar de xeito casi instantáneo a través de INTERNET. Esta gran rede de redes a donde accedemos co noso ordenador non só nos serve para establecer

novas alianzas empresariais e comerciais, senón que nos achega a outras culturas e nos permite o intercambio de linguas ou de inqedanzas sociais. Os ferroláns sabemos que non podemos quedar atrás e temos aberta unha ventá ó mundo pola que lles convidamos a asomarse para que contemplan a cidade de hoxe e as súas potencialidades empresariais, a través de webs como wwwferrol.concello.es wwwferrol.com ou wwwferrolguía.com. Esta última páxina web é un gran escaparate que ademais de presenta-la localización da cidade, información turística na comarca, e universitaria, facilita un listado de empresas, da actividade portuaria e do comercio exterior co fin de abrir novos horizontes mercantís.

Non podemos esquecer que estamos nun mundo que avanza no proceso de globalización, no que este grande soporte de redes estanos a dar presenza nos cinco continentes a gran velocidade, sen pago de aranceis e con acceso ó libre mercado. Para abrírnos camiño neste mercado internacional, temos que apostar por novas alianzas e polas tres "ces": Competitividade, Calidade e Comunicaci3ns, esteamos onde esteamos. Os empresarios ferroláns así o entenderon e camiñan nesa direcci3n, e desde estas liñas, eu quixera que entre todos fixeramos unha reflexi3n l3xica, xa que esa rica Comunidade Autónoma na que vivides sempre se destacou polo seu carácter emprendedor ¿Porqué non

comparten con nós, e viceversa se procede, experiencias para posicionarnos con éxito no mercado internacional da autopista universal?

Como concelleira de Ferrol gustaríame que todos vostedes visitasen as nosas páxinas web, ben para comproba-las excelencias da nosa cidade e así achegarse a visitala ou ben para descubrir un novo espacion onde oferta-los seus productos e establecer novos contactos comerciais que poden axudarlles a amplia-lo seu volume de negocio ou simplemente, collernos da man e afianzarnos todos no mercado globalizado. Internet en España móvese depresa e medra día a día. Os nosos xóvenes son os usuarios por excelencia e os profesionais destinados a liderar con éxito o futuro do noso país. Xa somos 3,6 millóns de españois os que navegamos habitualmente, é dicir, máis do 10% do total da poboaci3n, e esta tendencia, á alza, hai que aproveitala.

Os que temos algunha responsabilidade pública, debemos traballar para crea-lo marco axeitado, capaz de xerar emprego, compartindo esforzos cos axentes sociais, empresarios, sindicatos e políticos. Todos debemos comprometermos para xera-lo Estado de Benestar nos nosos pobos, que comeza polo traballo e forma parte esencial da nosa identidade común, para que tamén poida haber un intercambio laboral e posibilidade para traballar entre os pobos.

A miña condici3n de xornalista e comunicadora, fai que cada vez máis sexan os veciños quen me proporcionen suxerencias para mellora-la cidade. A súa inqedanza é síntoma de que Ferrol está impregnado de esencia democrática e atento a todo movemento que se produce. Os políticos deberiamos escoitar máis á xente que se achega a nós para, gratuitamente, clarexar, explicar e buscar solucións a aqueles temas que máis lles preocupan, ofrecendo consellos que a maioría das veces van cargados de razón.

Estou convencida que todos vostedes, desde Lleida, tamén poden aportarnos ideas e consellos gratuitos, que nos poderían axudar a mellorar. Encantaríame abrir unha liña de diálogo con Lleida. O meu enderezo de

correo electrónico é saradobarro@terra.es. Agradaríame recibir novas vosas, porque eso significa que comprenden a miña intención de construír unha cidade entre todos, con respecto, entendemento e diálogo, aberta ó mundo, e sobre todo a Lleida e a tódolos galegos ou ferroláns que, por circunstancias da vida agora fixaron a súa residencia nesa acolledora terra.

Non quixera rematar sen facer unha reflexión sobre a chegada do terceiro milenio onde ademais neste vindeiro ano 2001, tódolos galegos celebramos a efeméride do vinte cabodano da morte do insigne escritor mindoniense Alvaro Cunqueiro. Por este moti-

vo, desde Ferrol, imos organizar interesantes actividades a nivel autonómico, nacional e internacional ás que estades todos convidados. Eu son das que penso que a cultura e a literatura constitúen un camiño máis para chegar ó corazón dun pobo, e máis cando se trata de cidades entrelazadas. Feliz 2001 e progreso para todos.

SARA DOBARRO

Periodista, Escritora e Concelleira polo PP no Concello de Ferrol.



A ALIMENTACIÓN COMO SINAL DE IDENTIDADE NA EMIGRACIÓN GALEGA

Nun número anterior de Xurdimento, concretamente no de decembro do 1997, tiveron a ocasión de me ocupar da “*Ilusión das Américas*”, onde analizaba, someramente, a peripecia vital dos emigrantes na outra beira do Atlántico. Nesta nova colaboración, quixera abordar o tema dos hábitos alimentarios que levaron, por diferentes terras americanas, os homes e mulleres que partiron de Galicia e que foron mantidos como un elemento fundamental da súa saudade, anque mesturados cos novos alimentos e bebidas adquiridos durante a súa estadía migratoria.

A pesar das diferencias alimentarias entre a Galicia urbana e a rural, entre a Galicia costeira e a do interior, en xeral a mantenza das clases populares tiña como elementos comúns a escaseza e a monotonía dos alimentos que se consumían a cotío: Un pobre caldo de berzas con patacas, fabas e unto; un guiso cunhas pingas de touciño rancio; unha sopa de allos; unhas papas de millo; a caldeirada de peixes miúdos ou fritos de sardiñas, xurelos ou panchos nas zonas litorais, ou de troitas das aldeas do interior; berberechos e mexillóns cocidos; uns chourizos da matanza, afumados na



lareira, e pan de millo ou de mestura. Eran os pratos máis habituais, xunto co bacallao rustido con coliflor ou repolo nas épocas do xexún.

Como bebidas, o leite rebaixado con auga para estiralalo máis, a cascarilla, o café con chicoria, a auga dos pozos e das fontes, moitas veces sen boas condicións de salubridade, a sidra caseira, viño tinto pelexón da casa ou das barricas das tabernas, e unha copa de augardente para quenta-lo corpo antes do inicio da dura xornada laboral.

En días moi sinalados do ano asomaban na mesa outros manxares excepcionais, como o polbo nas feiras, a lacoada no Entroido, o cocido e as carnes asadas no patrón, as empanadas nas romarías e a sopa de galiña con fideos e o polo no Nadal. En todas elas abundaban tamén os queixos e requeixos, o pan de trigo, o viño e os licores e o café de pota.

Con estes gustos alimentarios, mantidos xeración tras xeración pola forza do costume e da miseria, partían os milleiros de emigrantes en busca da “*ilusión das Américas*”. Moitos levaban nas maletas, de cartón ou de madeira, uns chourizos enlatados por un ferreiro, e



unhas botellas de augardente ou de anís escarchado para agasalla-los parentes e veciños, que os agardaban nos peiraos da Habana ou de Bos Aires.

Nesa nova e dura realidade, van tomar contacto con outros sabores e bebidas. Así comezan a degusta-lo arroz, o boniato, o plátano frito, o doce de guaiaba, as froitas tropicais e o ron, que se consumen a cotío polas vilas e cidades de Cuba, como tamén co pan de trigo, coas pizzas e as pastas, e coa carne de tenreira en churrasco e o mate da Arxentina.

A pesar da lonxanía, a saudade da terra e as tradicións culinarias dos galegos continuarán perdurando. De feito, calquera ocasión era boa para congrega-los emigrantes da mesma parroquia en torno a unha mesa e mantel onde se compartían as viandas e as bebidas da terra. Así, por coñecer algúns exemplos, os "Hijos de Puente deume y su Comarca", asentados na Habana, organizaban unha romaría para celebra-lo patrón da Virxe das Virtudes, onde o menú recollido da crónica da

revista "Pro-Galicia", de novembro do 1912 "*se compoñía de lacón con cachelos d'e fraga d'o Conde, Peras e Pexegos de Boebre, viño d'a Terra, Café y Tabacos*". Igualmente, os asociados de "Ferrol y su Comarca", asentados tamén na capital cubana, disfrutaban da alegre compañía e dos sons das gaitas, mentres xantaban nos xardíns da cervexería "La Tropical", tal e como deixa constancia a revista "Labor Gallega", de agosto do 1915: "*Los grupos se acogen a los sitios sombreados y cubiertos de verdor, salen a relucir las empanadas de sacho e do Repouseiro, o xamón e o queixo de teta e o viño da terra*".

Deste xeito, coas bebidas e xantares da terra, compartidos alegremente cos veciños, parentes e amigos, a tristura pola lonxanía dos seres queridos e pola dureza da emigración facíase máis levadeira.

GUILLERMO LLORCA FREIRE

L'ART D'ESCRIURE

Hoxe lamento as poucas horas que botei ó seu carón. Hoxe lamento o tempo que perdín bailando na Dona-Dana (si, aquela sala de festas onde agora fan o programa da TVG, “Luar”). Hoxe, é irónico pero non ten volta, lamento ter durmido ata as doce mentres Ramón aturuxaba, asubiaba, cantaruxaba ou rosmaba entre dentes alí, soño, sentado baixo a parra, deixando escapar todos aqueles saberes, todos aqueles contos, anécdotas, experiencias que hoxe poderían encher unha enciclopedia de dez volumes.

E certo. Hoxe afastámonos dos vellos como se estorbasen, como se nos amolasen. Non lles facemos caso algún. Incluso moitos cren que é mellor levalos a un xeriátrico (no medio, non fan ren). ¡Que lle imos facer! Temos tan pouco tempo pra nós que pra eles xa non hai nin sesenta segundos. E qué envexa me dan os que me falan dos seus avós. Eu miro cara o ceo e lle digo a Ramón: ¡E qué fai vostede aí, perdendo o tempo, en troques de aproveitalo aquí conosco!

É curioso coma hoxe estamos orgullosos de ter “amigos” descoñecidos en tódalas partes do mundo gracias a esa inmensa rede de comunicacións que temos ó noso dispor. Ó mesmo tempo, podédelo comprobar, nin sequera lle adicamos un simple saúdo os veciños do mesmo andar, ou ó señor do quiosco, ou ó conductor do autobús, ou ó porteiro e ós bedeis da universidade. Si, si. A tecnoloxía é increíble, certamente. A modernidade é increíble, non o poño en dúbida. Mais o certo é que nos está levando á deshumanización.

Non serei eu quen prefira “chatear” cunha australiana que coñezo de catro días por cable a comerme un xato cos meus parentes. Non serei eu quen perde o tempo coa máquina de matar ós invasores do espacio

interestelar mentres hai unha tertulia de amigos no Café de la Ópera. E aínda menos estar durmindo como facía daquela, se tivese ó meu carón “unha biblioteca ambulante, con bastón e cabelo branco”.

Bo fora trocar esa deshumanización da nosa sociedade por respecto, afecto, tempo para escoitar. Bo fora trocar unha vida pendente do reloxo por certa convivencia cos seres queridos.

Xa é tarde cando nos decatamos de que malgastámo-la nosa vida precisamente facendo o contrario de vivir, non saboreamos os pequenos praceres dunha vida ingrata que nos pon sempre un prezo moi caro por permitirnos cumprir anos.

Pois xa vai sendo hora de prestarlle atención ós nosos queridos vellos. Xa vai sendo hora de aproveitar todo o que son capaces de dar. Xa vai sendo hora de



aprender destes pozos de sabenza. Por que un vello que morre é unha biblioteca que arde.

XOSÉ CARLOS G. GONZÁLEZ



comarsa
comercial marmolista, s.a.

MARMOLES
PIEDRAS
GRANITOS
CANTERIA

Palauet, 131 - Teléf. 973 20 59 75 - 25001 (La Bordeta) LLEIDA

Lendas de AS PONTES, na provincia de A CORUÑA.

Estamos en territorios montañosos onde nacen, ademais do Eume, outros varios ríos que discorren por diferentes vertentes, e que fertilizan unhas terras vizosas en cultura e en pegadas doutros tempos, abertas ó futuro, fecundas en xentes xenerosas, solidarias e que amaron e aman o seu, porque a identidade dun pobo se conforma coa síntese entre o pasado e o presente.

Nas mentes dos habitantes dos concellos de As Pontes consérvanse as tradicións e as lendas transmitidas oralmente, que agora nós recreamos.

O ENCANTO DO CAXADO

O Monte Caxado, de 756 metros de altitude, está ó norte do concello de As Pontes, nos confíns da Serra da Faladora, próximo ó antigo Camiño dos Arrieiros.

Seica neste monte hai unha pena que garda unha dama enfeitizada. Antes era unha fermosa princesa, amante da música e da poesía, o olliño dereito de seu pai. O novo corazón da moza un día encheuse de sensacións descoñecidas, de ilusións, do ensoñamento do amor por un mozo do lugar. Pero os plans do rei mouro eran distintos, e lembroulle o compromiso que adquirira: desde o berce a filla estaba destinada a casar cun señor moi principal. A reiterada negativa ante a decisión paterna provocou o castigo e encantamento da fermosa princesa no Caxado.

Agora sac só na noite de San Xoán coa aparencia de galiña cos seus pitos, e co día regresa á súa pena. Para vela hai que estar agachadiño, porque está afeita á soedade e se sabe que a miras xa non sae.

Pero non vos preocupedes máis por ela – dixo un vello ante o noso interese – que o feitizo non se pode desfacer. Ela non sofre, é un encanto, que nin come nin bebe porque non sente fame nin sede. Ela non está nin ben nin mal. Ela está encantada.

A COBRA DO DEVESO

No Deveso danse os dous extremos: ceos limpos, luminosos, que modifican e multiplican con reflexos as cores ocreas, douradas, verdosas das árbores centenarias,

dos arbustos xuvenís, das flores silvestres; e brumas, néboas, proxectos de demoradas chuvias anunciadas, que uniformizan os tons da paisaxe de tortuosos camiños, de empinados prados case verticais, e de muíños e pontes a penas enxergados.

As augas que corren polos seus múltiples pequenos ríos e regatos deben xerar moita imaxinación e picardía, porque as cobras que as habitan saíronche moi resabidas e astutas. Contan que son cobras moi larpeiras e comellonas. Non fan dano á xente, pero andan sempre mirando a ver que poden roubar.

Nunha ocasión, un home tiña unha vaca moi boa que lle criaba o xato e aínda producía leite abondo para toda a familia da casa. Mais o dono decatouse que o leite diminuía, cada día daba menos e decidiu observala. Á media noite foi á corte e descubriu que unha cobra entraba paseniñamente aproveitando a escuridade, e viu como con dozura se enroscaba nunha pata traseira da vaca, logo lle alcanzaba o teto e mamaba. A vaca debía crer que o dono estaba a muxila e docilmente compartía con el o alimento do seu fillo.

A MAIS OUSADA DAS COBRAS

Contáronnos tamén no Deveso que nunha ocasión unha muller nova aleitaba ó seu fillo que medraba forte e san. Daba gusto mirarlle aquel neno repoludo e ben mantido, e a orgullosa nai presumía de non darlle papas de maízo nin nada máis que o seu peito sempre que llo demandaba. Ás veces, á media noite, o cansazo vencía e durmía mentres o neno mamaba.

Unha cobra envexosa daquela fartura, metéuselle un día na casa. Disque a viron succionándolle o peito á muller, namentres a moi pillabana metíalle a punta da cola entre os beizos do pequeno para evitar que chorase. Nai e fillo, descoñecedores do que estaba a suceder, viaxaban polo mundo das caricias e ilusións dos soños liberadores.

O NACEMENTO DE TRES RÍOS

Naceron tres mananciais ó tempo, moi xuntos, no alto da Serra do Xistral.

Semellaban tres irmáns en berces de pedra, carrizos e xuncos. Axiña empezaron a andar a gatiñas e os primeiros pasos foron por camiños diferentes. Cada un ía formando unha canle en distinta dirección e, a medida que medraban, conformábanse tres ríos.

O mar aínda que se sabe inmenso, sempre cobiza máis auga e máis poder, e prometeulles que aquel dos tres ríos que chegase primeiro a entregarlle o seu caudal recibiría anualmente o premio dunha vida humana.

As augas fluviais pronto cansaron de furar, de erosionar, de ir construíndo o leito para poder descender, e deitáronse a durmir, pero antes acordaron que quen espertase antes avisaría ás demais, e así continuarían as tres a un tempo.

Espertou un río e incumpríu o trato, pois silandeiramente marchou sen que se lle decatasen os outros. O segundo espertou, viuse enganado, enfadouse, mais reiniciou o percorrido ás caladas, sen chamar ó

que durmía. O terceiro río era o Eume, grandote, nobre e co soño máis profundo. Ante a traizón dos irmáns deu en correr coma un tolo, mordendo penas e árbores, tragando todo ó seu paso e escindindo en dúas a fraga ata gañar a carreira.

Agora este fermosísimo río, o Eume, embravecido e maleado pola falta de nobreza nos demais, presenta unha máscara amable cunha cómplice mirada; engaiola con reflexos prateados, verdescuros e ouro vello, con enganosas fervenzas de bondade e aparentes remansos de dozura. Pero é falso e implacable, non perdoo cada ano a vida dunha persoa que, por error, nas súas augas confía.

**ESPERANZA PIÑEIRO DE SAN MIGUEL
ANDRÉS GOMEZ BLANCO**

EL LATIN Y EL GRIEGO SON LENGUAS VIVAS

Es difícil entender que se pueda negar entre nosotros la conveniencia de estudiar latín y griego, lenguas madre del idioma español. Dices la palabra "entusiasmo" y, si sabes algo de griego, penetras en todo lo que implicaba en la antigua Grecia inmergirse en "lo divino", en sentido de "lo perfecto". Oyes la palabra "preclaro" y, si te has iniciado en el conocimiento del latín, vibra en tu interior toda la filosofía de la luz, que, desde Grecia, llega a través de la Escolástica hasta el prodigio del estilo gótico...

El latín y el griego no son lenguas muertas. Perviven en multitud de documentos decisivos para la cultura y en las lenguas derivadas de ellas. ¿Qué puede saber de primera mano y con hondura sobre la Edad antigua, la media y la moderna -hasta el siglo XVIII- el que no conoce el latín? Vas al puente de Alcántara, vecino a Portugal, y, si no sabes latín, no puedes recibir el mensaje que te transmiten quienes erigieron esa obra de arte sobrecogedora.

Lo grave es que quienes desconocen esas lenguas no saben lo que se pierden, pues no acceden a los mundos que ellas nos abren. Si te gusta el canto gregoriano, pero no entiendes el texto latino, no puedes figurarte en qué medida crecería tu gozo si pudieras advertir cómo se comple-

mentan el texto y la melodía en esta música desbordante de sentido.

Venimos del latín y del griego. No conocerlos es ignorar nuestro origen y quedarnos en buena medida sin raíces. La pérdida que esto significa para nuestra vida más cualificada resalta cuando estudiamos el origen de nuestros vocablos españoles, es decir, su etimología. Es una delicia penetrar, por ejemplo, en la palabra "autoridad" y descubrir que procede del verbo latino *augere*, que significa promocionar. Tiene autoridad, aunque no disponga de mando, el que, con sus orientaciones, nos eleva a niveles de mayor calidad.

Como colofón, un mensaje cordial para los cristianos comprometidos. Lógicamente, ansían conocer a fondo la Historia de su Iglesia. Sin conocer el griego y el latín, ese conocimiento no podrá ser lo hondo y vivaz que ellos quisieran.

ALFONSO LÓPEZ QUINTÁS

Catedrático Emérito

Universidad Complutense (Madrid)

Fundador y Presidente de la Escuela de Pensamiento y

Creatividad

ACCIÓN CULTURAL NO “NOROESTE GALEGO”



Neste novo século sería pouco productivo debatir aquilo que a realidade sentenciou en canto ó significado de Cultura. Despois do exemplo de Nova Iorque, París, Milán... ou o recente caso Bilbao-Guggenheim, sería bo compartir que a enerxía cultural non é adorno nin entretenemento, nin espuma dos días da mundialización e o estatus social.

A acción cultural forma parte, por si mesma, cunha pregunta ás persoas e a unha cidade-territorio concretas no senso de ¿a dónde imos? ¿qué queremos para o presente, con carga de futuro? Nunha palabra: o proxecto de cidade, as súas porfías e solucións.

O proxecto cultural é esencial como criador de riqueza e emprego, recuperador da identidade, amplificador de miras á universalidade e provocador dunha sá autoestima.

En Ferrol, capital do noroeste galego, estas claves son imperativas e urxentes. Xa non se trata de debatilo qué, senón facelo. E facelo depresa, pois o tempo desbotouse abondo.

Enerxía cultural criadora de riqueza e equipamentos. Duplicámola Biblioteca Central, informatizándoa “nodal” no sistema bibliotecario galego, como capital do noroeste. Facemos realidade a sección permanente de Estudos Locais. Creamos unha nova Biblioteca no barrio máis populoso da cidade (Caranza).

Adxudicamos a construción e equipamento do Centro Torrente Ballester, rematando a súa última fase, considerado como “un dos espazos mellores de exposicións de Galicia”. Axeitamos e modernizamos o seu Auditorio. Alí estará o Museo de Arte Moderna e Contemporánea “Bello Piñeiro”.

Xuntamente co Ministerio de Fomento, está avanzado o proceso de rehabilitación dun dos teatros máis louvados do país: O Jofre.

Creamos e poñemos a punto o “Padroado da Música e Artes Escénicas” co proxecto de escolas e bandas municipais.

Facémola inversión privada e pública en materia cultural, co fin de constituilo “Cuadrilátero da Ilustración” (Centro Torrente Ballester, municipal; Centro Cultural da fundación Caixa Galicia; Edificio das antigas Ferrerías-Exposición Universal permanente da Tecnoloxía Naval Armada e Teatro Municipal Jofre).

Tratamos de consolida-lo polígono das “Fortalezas da Ilustración” co castelo de San Felipe como referencia artística-histórica. Decláralos como conxuntos do Patrimonio da Humanidade, e no camiño de acadar para Ferrol a capitalidade cultural europea.

Recuperar sinais de identidade, como “Ferrol en tempo de Historia” rescatando a Fontenla Leal, Quintanilla Martínez, Pablo Iglesias, Francisco Suárez, López Seoane, Ramón Franco...

Restauración e compra de obra artístico-histórica, programa de esculturas e rúas, plan de compra de arte contemporánea...

Queremos equilibra-la presenza de Ferrol en Galicia (Xuntanza da Real Academia Galega, Díaz Pardo fillo adoptivo, Novoneyra, Murguía, Castelao, Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, Guerra da Cal...

Pero tamén abrindo límites e panoramas como os ciclos Actual, Raíces... ou o cinema (“Divertimento”), novos proxectos cas Universidades (Comunicación, Torrente, Artes Plásticas...) descentralizando no propio territorio e actualizando e abrindo vías de acceso ó mundo, á universalidade que tanto querían os de Nós.

Non podía ser menos: Unha cidade que naceu como crisol de persoas, sabedorías, costumes e debedora da vangarda ilustrada española, ten que liderar este noroeste tan deixado, aínda non accesible plenamente, pero como convén: sendo plural, dialogante e universal. Que por todos nós non sexa.

BONIFACIO BORREIROS

Concelleiro-Delegado de Cultura e Universidade.

Concello de Ferrol

DOS MISTERIOS:

-Compostela- El Camino de Santiago

ANTECEDENTES

En el año 711 el ejército musulmán derrota a los ejércitos del Rey Visigodo D.Rodrigo, y en siete años invaden la península Ibérica, sometiéndola totalmente a su dominio, salvo algunos valles pirenaicos, la cornisa cantábrica y parte de Galicia. Este es un hecho determinante para el futuro de España, de Europa, y para la Historia de la Humanidad.

En el 718, en Covadonga (gallega entonces) sufren los invasores la primera derrota a manos de D.Pelayo, que es elegido y coronado Rey, restaurándose así la Monarquía Visigoda. Pelayo establece su corte o capital en Cangas de Onís. Simultáneamente, el avance musulmán es detenido por Carlos Martel en Poitiers y por Federico Barbarroja en el valle del Danubio.

De la mano del Beato de Liébana se vuelve a extender por el Reino Cristiano el culto a Santiago el Mayor, cuya tumba era desconocida porque se habían trasladado y ocultado las reliquias, desde Iria, para protegerlas de los piratas.

EL DESCUBRIMIENTO: -NACE COMPOSTELA-

A mediados del siglo IX se extendió por Europa, por el territorio de la Cristiandad amenazada, una noticia esperanzadora, ilusionante: *en los confines del mundo occidental, en el Reino de Galicia, libre de la ocupación musulmana, unos hombres santos, misteriosamente avisados, han descubierto la tumba de Santiago el Mayor, el hijo de Zebedeo, primo y discípulo predilecto de Jesús, el primero en sufrir el martirio el año 44 a manos de Herodes, en Jerusalén.*

Esta referencia en la crónica, se dio a la ligera, como fecha del descubrimiento. Pero hubo de ser necesariamente mucho antes cuando el prodigio tuvo lugar, porque a mediados de siglo ya se había "habilitado" una ruta, con albergues y templos.

El descubrimiento ocurre cuando reina en Oviedo Alfonso II, en el Sacro Romano Imperio de Occidente,

Carlo Magno, suegro o cuñado del Rey Casto, y es Papa León III (793-816). El descubrimiento del sepulcro en el Monte Libredón, *lugar de los arcos marmóreos*, hubo de suceder mucho antes, antes del año 821.

En la Escritura de las tres millas -de 821- el Rey Casto otorga por escrito, y en pretérito (... *damus et concedimus... adoravimus et supradictum munusculum voluntarie concessimus...*) lo que había concedido verbalmente en su primera visita de adoración a los sagrados restos. Por consiguiente, el descubrimiento es anterior al 821.

Pero, como ha de coincidir los reinados de Alfonso II y Carlo Magno, y el pontífice León III, el descubrimiento hubo de suceder antes del 814, en que fallece Carlo Magno.

Es probable que el descubrimiento coincida con la campaña de Alfonso el Casto en las tierras de la Lusitania, donde Alfonso II consigue la primera derrota importante de los ejércitos musulmanes, se apodera de Lisboa y consolida su poder. Concierta una tregua con Abderramán I, el año 804. El musulmán intentará la reconquista de Lisboa y los territorios perdidos al norte del Tajo, e imponer de nuevo su dominio a los cristianos, pero no lo consigue; y el 812 se retira a Córdoba, cansado y derrotado por segunda vez.

Concertada la tregua en el 804, es cuando, desde Lisboa, son enviadas una o dos embajadas al emperador Carlo Magno, para pedirle para Alfonso una esposa de "su sangre". Berta o Bertinalda, probablemente hija del Emperador, aunque pudiera ser hermana. Al mismo tiempo estas embajadas de Alfonso II informarían al Emperador del éxito de la campaña y le ofrecen los presentes conquistados a sus derrotados enemigos, citados en las crónicas del Imperio. Es muy probable que también le informarían del prodigio ocurrido en el Oeste de la Península Ibérica, en un rincón de Galicia, en la Diócesis de Iria: *el descubrimiento milagroso de los restos del apóstol Santiago el Mayor*, cuya localización se había perdido y permanecido desconocida durante la época sueva y siguientes.

Con estos datos debemos situar la fecha del feliz hallazgo (¿invento?) antes del año 804 (año de la tregua), posiblemente en el 802. Antes, por consiguiente, del obispado de Theodomiro en Iria, con el cual se le hizo coincidir muy a la ligera. Theodomiro no ha podido certificar la autenticidad de los restos del Apóstol y de los sepulcros de Teodoro y Anastasio, antes del 820, porque su obispado se extiende del 820 al 830. Recordemos que Carlo Magno fallece en el 814.

Cuando en el 821, el Rey Casto concede a Theodomiro los *privilegios*, ya existía en Compostela una iglesia o basílica, un lugar para guardar las reliquias de Santiago el Mayor y de sus discípulos. Esta edificación habría tomado su tiempo construirla.

El avance victorioso del Islam se había parado en la llanura de Viena por el Rey Federico Barbarroja y en Poitiers por Carlos Martel, deteniendo definitivamente el desarrollo de las dos ramas de la pinza mediante la cual los musulmanes pretendían apoderarse de Europa y dominarla.

Simultáneamente, los visigodos Ibéricos que retrocedieron ante el poderoso empuje del invasor, se encontraron con el mar a la espalda, obligados a defenderse. El terreno abrupto favorecía su estrategia, y se enfrentaron a los ejércitos del Califa de Córdoba. Los derrotan en Covadonga y reinstauran la Monarquía Visigoda en su caudillo Pelayo.

La débil y balbuciente monarquía Galaico-Asturiana, restauración de la Monarquía visigoda en la persona de D.Pelayo, con menos luces que sombras, permanentes luchas y guerras fratricidas entre los diferentes aspirantes a ser elegidos coronados y ungidos reyes, se iba consolidando y se había instalado en Oviedo, después de pasar por Lugo. Era una monarquía teocrática, en la cual el poder de los obispos era omnipresente, y el de los reyes interfería constantemente en los nombramientos eclesiásticos, hechos históricamente bastante explicables, porque se necesitaban mutuamente.

El Califa veía en este reino geográficamente próximo, un bastión que acechaba su poder. El poderoso imperio de Carlo Magno está lejos, al norte de la formidable muralla pirenaica, suponía un peligro lejano, lejania superada más tarde con la Marca Hispánica. De ahí su empeño en eliminar aquella pequeña espina que cada día se hacía más poderosa y le irritaba más.

El hecho es que se encuentran los restos sagrados en un lugar con antecedentes místicos y misteriosos,

olvidado y cubierto por el bosque, con propiedades telúricas especiales. Señales celestiales (luminarias que bajan del cielo en forma de lluvia de estrellas) indican al monje Pelayo la situación precisa del sepulcro, en un momento en que la Cristiandad necesita de un prodigio que le dé unidad y fuerza espiritual que oponer al triunfante Islam, que todo lo arrolla y disfruta de su época de mayor poder, gloria y esplendor.

El lugar señalado por las estrellas está ubicado en el cruce de dos rutas:

La Ruta de las estrellas, precristiana, de peregrinación y conocimiento, de iniciación, que cruza la península Ibérica entre los paralelos 42° 30' y 42° 36', de este a oeste, hasta el Finisterre gallego.

La Calzada Romana que une Iria Flavia con Brigantium, por la cual es lógico que se realizase el traslado. Los toros salvajes facilitados por la Reina Lupa se detienen y lo hacen precisamente en este cruce de rutas

Por la importancia del hallazgo y su oportunidad, el lugar adquiere rápidamente una proyección universal inusitada, se convierte en el punto de referencia, en el norte de la naciente Europa, en lugar de *peregrinación* y de oración para los cristianos "huérfanos" de Jerusalén y de Roma. Aporta el componente de unidad y fuerza espiritual que se necesitaba y buscaba para enfrentar al Islam. **El hallazgo es útil y necesario en ese momento.**

Alfonso II, con un reinado inseguro, incierto, perdiendo y recuperando la corona, compartiéndola, no se atrevía a plantar batalla a los ejércitos del Califa, mucho más poderosos. Solo amagaba enfrentamientos, pero se retiraba para mantener la operatividad de sus ejércitos y su corona amenazada desde la corte ovetense. Cuando se encuentra con fuerzas decide llevar la guerra a los dominios del Califa, a la Lusitania, donde le derrota en toda regla, conquista Lisboa y la defiende, obligando a los musulmanes a firmar el armisticio del año 804. Les derrota de nuevo y les obliga a renunciar y a retirarse el año 812. Probablemente se atrevió a tanto porque ya **"disfrutaba, en esta campaña, con la ayuda del Apóstol"**, cuya tumba se habría descubierto.

Alfonso estaba necesitado de una figura celestial que apadrinara la reconquista y le vino a la medida el descubrimiento, que aprovechó para nombrar a Santiago Apóstol patrón de sus reinos, de España, que ya lo era de Galicia. Ordenó la construcción de una iglesia, modesta por cierto para la importancia del evento, que

se comenzó el año 829, seguramente sobre alguna anterior, y se terminó en 1124. La Basílica-Catedral sufriría diferentes obras de reforma hasta convertirla en la joya arquitectónica que es actualmente, con una combinación de estilos que la hacen única.

Se instaura así, a partir del 821, un nuevo lugar de oración para los cristianos, donde los peregrinos, igual que los palmeros que viajan a Jerusalén y los romeros que lo hacen a Roma, pueden obtener el perdón de sus pecados y obtener beneficios celestiales, materiales o espirituales.

La importancia del descubrimiento, del santuario y su proyección en la Cristiandad se explica por la necesidad de confiar los problemas a un valedor cerca de Dios, en una época en que todo se fiaba a la Divina Providencia.

Nace, así, la mítica Compostela, en un momento propicio, en el lugar adecuado, apoyada entusiástica-

mente por el Imperio Carlomagno, por la Iglesia de Roma, por la Corte y la Iglesia de Oviedo, tal vez haciendo de la necesidad virtud. La Iglesia y la Corte de Oviedo pronto demostraron indicios de sus reservas y miedo a perder la preeminencia, el poder en el Reino Cristiano, a favor de la "Apostólica" Compostela. De la ciudad de los Obispos, Oviedo, se pasa a la ciudad del Apóstol, Compostela.

Compostela nace, decíamos, en una localización geográfica especial. Lugar de oración y peregrinación de los Celtas y de los Suevos; recobra, cristianizado, el mismo destino. Es habitual que la Iglesia Cristiana aproveche lugares de oración anteriores y los cristianice con la advocación de un santo o de la Virgen.

(Continuará)

SEVERINO FERNANDEZ VEREA



mármoles san pancracio, s.a.

Palauet, 131 - Teléf. 973 20 59 75 - 25001 (La Bordeta) LLEIDA

XILGAFOLK-2000

Este Festival de Musica Tradicional Galega que camiña día a día cara a súa consolidación, dentro do entramado das múltiples manifestacións culturais que no mundo rural galego pretende lembra-la memoria, e rescatar do caixón das lembranzas tradicións usos e costumes que hai anos formaban parte da vida social cultural e festival das aldeas e pobos da nosa Terra.

Un proxecto xuvenil engaiolante, sobre todo, para tódolos emigrados que procedemos daquelas aldeas secularmente esquecidas, e que configuran un belido val, nun dos poucos recantos naturais de Galicia que hoxe quedan, no que a súa principal atracción vennos dada pola fantasía da Natureza.

Situámonos, na Comarca de A Fonsagrada (Lugo), alí protexido do bruar do vento pola natural creación orográfica que configuran o Pico de Muradal, o Formigueiro, a Serra de Canda e a Serra do Hospital; no medio destes catro tesos, e serpenteado polas troiteiras augas dun, se cadra, pequeno río, pero abondoso na virxindade das súas augas coma é o Río de Piñeira que con tódolos seus regatos confluentes axudan a configura-las caudalosas augas do

Río Éo que amosa pola furada de Forneas, entrada natural de ventos borrascosos ó "Val de Piñeira".

Alí no ano 1998 froito desa herdanza cultural nacía a inquietude da xuventude que hoxe dá vida ó Val, son poucos dúas ducias e pouco máis, pero consciente das súa raíces xeracionais, e aínda que, coma dicía Ana Fernández (presidenta da Asociación Xuvenil "XÍLGARO") o día 15 de agosto festividade da Nosa Señora celebrada despois de moitos anos co primeiro Festival de Musica Tradicional "XILGAFOLK-99", "Todo comezou coa idade de divertirnos entre nós, sen necesidade de ir lonxe, je mira no que acabamos!". É certo, e o mellor é que, este ano o XILGAFOL-2000 repetía a súa fazaña cun éxito que sorprendía os propios organizados


res, se cadra inconscientemente fixeron algo no que non matinaran, mais o certo é que despois de décadas de desencanto xurde neste recanto de Galicia unha idea feita realidade pola súa xuventude que non se resignou a ser mercancía de emigrante.

Vai facer agora tres anos comezaban a falar de crear dunha asociación que servira de vieiro para recupera-las tradicións ancestrais da parroquia, así como a de divulgar os problemas do Val de Piñeira, a través da celebración de actos axeitados ás condicións especiais da zona. Desda idea nace a Asociación Xuvenil "XÍLGARO", que con pouco máis de dous anos de andadura xa son múltiples os proxectos e actividades que leva realizado: a conversión da antiga escola, un edificio abandonado, en centro cultural e social no que se xuntan para organizarse e planifica-las súas actuación, algunha destinadas á mellora de vida e esparcemento dos vellos da parroquia, á recuperación de xogos de lecer e costumes tradicionais na zona, e a propia dinamización cultural, social e económica do val. Unha xuventude vitalista que coa axuda de moitos parroquiais de máis bagaxe, o mesmo realiza actividades deportivas que traballa na organización e promoción dos seus actos.



O seu primeiro exercicio culminaba nun dos actos máis importantes que se celebraron en Piñeira como foi a celebración do I Festival "XILGAFOLK", para conmemorar a Festa Maior da parroquia os días 14 e 15 de agosto, acadando un enorme éxito na Comarca, e que este ano se dá xa por consolidado dado o interese que este evento está a despertar na zona, e que camiña cara ó futuro coa decidida misión de que XILGAFOLK se converta nun evento importante dentro dos festivais de música tradicional que se celebran na provincia de Lugo, con actividades deportivas, musicais e de reencontro entre tódalas parroquias nunha convidada a degustar gratuitamente o saboroso "Churrasco" de cuxa de A Fonsagrada nunha cea campestre o 14 pola tardiña, despois de asistir a diversas actividades deportivas coma o torneo de fútbol-7 no que participaron diversos equipos da comarca así coma o filial do Lugo, como convidado excepcional, torneo que o pasado ano gañaron os anfitrións a pesar de ser un día de tensión e de cansazo xa que o mesmo xogaba ó fútbol que facían de camareiro no bar que montaron para financiar os actos e este ano foron sub-campións, rematando o día cunha gran romaría que este ano foi amenizada pola orquestra "Estudio" de Santiago, así coma outros mesteres da organización.

Por XILGAFOLK que amosa o seu esplendor o día 15 pola tarde-noite coas actuacións de grupos de música folk e música celta e de instrumentistas tradicionais: entre eles un dos poucos que na zona quedan que aínda toquen instrumentos especiais como a Ocarina ou a Trompa un home de sona na comar-



ca coñecido como "O Montixo" de Leituego, e grupos coma: "Os Gurumantes"; "Aturuxas e Sorteiras"; "A Volta do Agro"; "Reviravolta"; "Os Carunchos" e o grupo "Valdexe" de S. Martín de Oscos, entre outros solistas e instrumentistas da música tradicional da comarca.

Un día do que estaremos agra-decidos tódolos piñeiregos e especialmente os emigrantes xa que na maioría dos pobos nos que se celebran as festas de verán estamos acostumados a pagalas do noso peto, e nesta ocasión hai que destacar que ademais todo isto non nos custou un patacón, xa que gracias o traballo destes mozos e mozas foron capaces de financiar tódalas actividades. Gracias á Asociación Xuvenil "O XÍLGARO" Piñeira e o seu val volveu a revivir fermosas datas de antano, pero en versión de hoxe, dentro dunha Galicia que aspira a ser protagonista do seu propio destino, e que afortunadamente parece que dixo adeus a esa lacra de exilio económico forzoso que foi a emigración.

O "Val de Piñeira" está composto pola Parroquia de Sta.

María de Piñeira con 15 aldeas e o seu anexo de Bruicedo con seis, lugar de terras escravas, outrora berce de xogares e trovadores, artesáns, gaiteiros, muiñeiros, costureiras e tecedoras, zoqueiros etcétera. oficios da terra que contribuían á subsistencia dunha poboación saturada polo minifundio agrícola e gandeiro. Segundo datos recollidos no censo do Marques de Enseada realizado polo crego da parroquia en 1750 o val de Piñeira era un dos máis productivos en canto a gando vacuo e porcino, así como castañas, patacas e centeo do Concello de A Fonsagrada, e aínda que o devandito censo non é poboacional numericamente del desprendese que a súa poboación estaba ó redor do millar de persoas. Hoxe na actualidade a súa poboación a penas chega ó centenar. A emigración foi unha das súas minguas máis significativas, no remate do século pasado e nas primeiras décadas deste houbo unha emigración masiva cara ás amaricas, de tal xeito que aínda hoxe en día hai moi poucas familias que alén dos mares non moren algún antepasado noso, Arxentina, Montevideo e

Cuba eran os lugares que máis botaban de menos as nosas avoas, e tamén coma dixo Rosalía algunha viúva de vivos que na parroquia quedou. Logo no apoxeo das revolucións industriais e a reconstrución de Europa derruída pola segunda Guerra Mundial: Bélxica, Holanda, Suíza, e dentro do Estado Español; Cataluña, País Vasco e Madrid, foron os lugares nos que acabaron case que o resto de xentes con idades de traballar que configuraban o conxunto de poboación do Val de Piñeira.


Na actualidade o segmento de poboación que residen no Val componse maioritariamente de xubilados que perciben un subsidio do réxime especial agrario, a xente en idade de traballo vive dunha gandería evolucionada con algunha cativa granxa familiar de vacas destinada basicamente á produción de carne, produto dunha grande calidade, que se atopa coa súa denominación dentro da carne da "Comarca de A Fonsagrada", así como dunha agricultura orgánica de subsistencia, na que se cultivan os principais produtos de consumo: patacas, nabos, millo, toda clase de hortalizas e abondosa froita e castañas, ademais existe un reclamo de man de obra dedicada á conservación e repoboación forestal no que traballan grande parte dos homes en idade de laboral, así coma no sector servicios, a produción de madeira tamén é unha axuda considerable para a economía, isto fai que no Val practicamente non se rexistren cifras de desemprego, e a calidade de vida dos seus habitantes se o comparamos cos tempos da posguerra e incluso dos anos sesenta tivo un avance moi significativo.

Xunto con tódolos aspectos xeográficos e de falta de medios de comunicación dunha zona secularmente esquecida, hai que subliñar que a estrada chegou ó val a penas hai 20 anos, o mesmo a luz eléctrica, o telefono hai 15 e a televisión aínda hoxe hai aldeas nas que non chega a imaxe o mesmo pasa coa telefonía móbil; sen embargo a pesar deste esquecemento a súa poboación foi tecendo toda unha basta cultura popular transmitida de exoneración en exoneración con aforismos e topónimos propios do val, desenvolvendo os seus propios medios de divertimento dentro da zona, baseados nos comportamentos sociais dentro das aldeas a través da "polavila" (nome co que se denominan os fiadeiros) e as "rúas" (bailes da xuventude) que cada fin de semana se celebraban nalgunha das aldeas cercas, ó só dunha gaita, unha zanfoña, o violín instrumento co que o popular Florencio -natural de Os Vilares, unha das aldeas da parroquia- percorría a comarca no seu andar musical pola provincia de Lugo, pandeireta ou calquera outro instrumento tradicional que moitos

lugareños tocaban, así coma outros saberes e xogos de lecer tradicionais da zona, toda unha forma creativa de facer cultura popular hoxe perdida xunto coa despoboación causada polos movementos migratorios, o que tamén se perdeu a celebración continua das festas patronais que teñen lugar o día 15 de agosto festividade da "Nosa Señora" patroa da parroquia, ademais tamén se celebraban a Festa do Carme o 16 de xullo e a do San Antonio o día 13 de xuño, así coma as tradicionais: do Nadal, o Entroido (con sona nos arredores), e a de Pascua entre outras, todas estas celebracións, como dicíamos, deixaron de existir hai xa anos e a xuventude de hoxe tan só lembra isto de oídas dos seus pais ou avós, de aí que o tema que lle da título a esta lembranza vivida desde a emigración sexa para tódolos piñeiregos cousa importante, e merecedora dunhas paxinas en calquera publicación que divulgue a nosa cultura, o noso pasado e presente, as nosas raíces.

ANTONIO DIAZ FERNANDEZ

E-mail: antonidiaz@terra.es



O MAGOSTO

A actividade característica no mes de outubro (á parte da vendima) é a recollida da castaña, (máis coñecida coma “o magosto”).

PROCESO

A castaña é recollida nos soutos á man (tanto por homes como por mulleres), en cestas e cestos pequenos de man. Méntense en sacos de esparto sen secalas. Son transportadas do souto ó fogar ca axuda dun burro, ou, nos lugares onde se pode metelo tractor utilízase este medio.

Una vez alí sepáranse as que se van secar das que quedan para a facenda.

Estas sécanse no edificio chamado “sequeiro”, que está formado por dous pisos. O lume faise no piso de abaixo, e as castañas están no de arriba. Comunícanse por unha serie de buratos nas táboas de madeira de castiñeiro, que permiten que caian as impurezas e a calor sexa uniforme.

Cada dous días dásele a volta cun rodo de madeira, aínda que isto depende da gordura das castañas. Como o que se quere é mais calor e menos fume, a xente quédase toda a noite para facelo lume. Este proceso de secado dura quince días aproximadamente.

Unha vez secas sepáranse as picadas das boas. Estas últimas bótanse a un saco e entre dúas persoas golpéano contra un pisoto, coa finalidade de sacarles a casca. Cando roxen é que xa están.

Unha vez pasadas polo pistolo, bótanse no vendoxo, o cal, colgado dunha corda agárrase polos extremos e así as malas vanse á punta xunto coa meiniña (pel fina que teñen as castañas por dentro). Logo, as mellores encárganse de escollelas.

PRATOS TÍPICOS CON CASTAÑAS

As castañas dan, o longo do ano, unha variada gastronomía. Os exemplos máis notables son:

- Castañas asadas: que son as que aínda están verdes, e utilízanse para facelo magosto.
- Pulgazas: son castañas tamén verdes, ráchaselle a pel de fora polo medio cun coitelo e bótanse a cocer. Logo de cocidas, retírase a pel interior, escórrense as castañas e bótanse nunha cunca con leite.
- Caluda: as castañas secas e sen pel, cócense ata que estean brandas. Sácense e poden comerse de varias maneiras: con leite ou ben cunha parte de auga e outra de leite.
- Castaña cocida: pódense comer tamén con leite torrado (é dicir que está coallado, coma se fose iogurt) ou con leite magado (o que se maga cun mazarico de madeira ata que a manteiga sóbe á superficie. Para facer isto primeiro, o leite quente, ten que estar torrado).

As castañas pódense acompañar con outros alimentos, sobre todo con carne de marrao (máis ben as partes da cachucha), ovos fritos, con patacas cocidas ou en puré.

En xeral non se fan postres xa que as castañas cando se comen son prato único.

CELEBRACIÓN DO MAGOSTO NA PENA (AGRA-CURRELOS)

O día un de novembro, celébrase, na Pena, a Festa do Magosto.

Os veciños reúnanse nun lameiro (chamado o prado da festa), xa que era alí onde se facían as festas. Comezábase preparándose un bo lume onde se asarían as castañas que as traían tódolos veciños. Ó mesmo tempo colocábanse unhas longas mesas nas que se poñían pratos, cubertos e vasos, xa que á parte das castañas degustábase empanada, cocido, viño e roscón.

Tra-la cea, e xa de mañanciña algunhas persoas tocaban música mentres o resto da xente poñíanse a bailar (esta era una boa maneira de atopar parella).

Actualmente na “Pena” non se celebra O Magosto xa que, das vinte persoas que quedan aproximadamente nesta aldea, a maioría teñen máis de sesenta anos, e xa non están para xuntanzas deste tipo. Mais algún dos refráns que se dicían daquela quedaron, e son estes:

“Castañas, conchos e viño fan as delicias do San Martiño”

“Polo mes de novembro seca castañas para o inverno”

ECONOMÍA

Esta é unha das actividades de máis importancia na aldea, refírome a das castañas en xeral, xa que neste tempo moitos comerciantes veñen compralas aquí e ós pobos do redor.

Ademais esta é unha zona ideal para as castañas xa que, debido ó clima e á situación, abundan moito os castiñeiros.

Penso que isto crea tamén outra serie de beneficios (dalle máis vida a aldea), xa que moita xente das aldeas de lonxe, posúen soutos e teñen que quedarse varios días para recollelas.

Mais as castañas non só dan diñeiro, xa que os castiñeiros fan que a “Pena” sexa unha fermosa aldea rodeada de soutos, unha flora e fauna increíbles pero, por desgracia, nestes últimos anos os incendios forestais estendéronse moito, e poden acabar con esta especie tan característica de Galicia como é o castiñeiro.

DANIEL VILA LÓPEZ



CULPABLES DE OPACIDADE

Os despropósitos da especie animal á que pertenzo chegan a tal grao de perfección que si alguén me fixera a encarga do relato de ficción no que poidera quedar patente o nivel de estupidez mixturada con sabrosos aditivos tales como a maldade, o egoísmo absoluto e por conseguinte o máis absoluto desprezo por todo aquilo que de algunha maneira nos poidera beneficiar como sociedade, non tería máis que abrir ollos e oídos e poñerme a ollar arredor para, máis cedo que tarde, atopar o motivo central do relato en cuestión sen ter que estrullar a testa en inventar situacións moito máis doadas de engulir que aquelas que o marabilloso cerebro humano é capaz de por en práctica.

Dende hai xa varios anos, unha vez que remata o curso escolar, cando a luz do estío é unha realidade e rapazas e rapaces poden disfrutar un longo tempo de aquilo que para eles debe supoñer a liberdade, bendecida ademais pola extraña manía que o astro rei ten de se deitar máis tarde, a miña nena pequena é invitada un día e outro tamén, a disfrutar dunhas horas na casa de campo que unha amiga da súa idade ten preto de onde vivimos.

Eu, tra-lo xantar, acompaña ata alí, déixoa coa amiguíña, e volvo as costas cara a miña casa, da cal torno a saír ó cabo dunhas horas, para recoller á miña filla e traela de volta.

O primeiro ano que isto aconteceu, servidor, que endexamáis tiña levado á nena a se iniciar neses xogos do verán, e que por conseguinte, nunca estivera naquela casa, quedei seriamente impactado pola beleza do lugar, xa que logo de camiñar un bo treito dende o meu domicilio por unha estrada xeral, tiveren que que afastar por outra de menos entidade, ata rematar co enclave en

cuestión; mais entón ¡Oh prodixio! Perante noso ergueuse unha casa de conto con paredes brancas, tellado de lousa, pezas abufardiladas, fies-

tras con filigrana inglesa, miradoiros, porche acolledor, suxerente veleta cun barco pirata no cumio, céspede recién cortado, setos de frores por doquier, barbacoa semellando unha cabana hawaiana, ladridos do guardián da propiedade que máis semellaban unha benvinda e un sorriso de afecto baixo o dintel.


Mais dígovos, no nome do ceo, que o relatado ata o de agora non foi nin por aproximación, o que máis lonxe cara arriba me fixo levar as cellas, senón o que todo ó longo da pista que daba fronte á casa se podía ollar: Un tépedo bosque de aparencia tal que a súa sinxela contemplación faría amar a natureza ó máis enfeverado dos arboricidas que no mundo foron, e foron moitos.

Non foron poucas as ocasións nas que me perdín entre tan delicioso florilexo sen que en ningunha delas poida dicir que disfrutase en menor grao que na anterior. Máis ben ó contrario: Canto máis camiñaba polas sendas do deitado paraíso, máis me sorprendía coa xenerosidade que ás veces a nai natureza nos poder ofrecer, pobres mortais.

Carballos centenarios, castiñeiros de troncos inabarcables, alegres pradeiras, piñeiros tan vellos que semellaban aínda máis atormentados que os propios carballos, preciosos escornabois que só Deus sabe como puideron facer para chegar ata alí.

As poucas sendas que o verxel amosaba, tiñan tal variedade de vexetación facendo garda a ambos lados que quizáis non fora unha ventura aseverar que o mesmo Deus facía de xardineiro cando o bosque ficaba só e na calma da atardecida; arandos, queirugas cheas de perfume, herba de San Xoan por alá e por acolá, cerudas, fiunchos, azafrán silvestre, uz,

Só o asentamento na outra beira do bosque dunha colonia de adosados poñía un contrapunto de inqueda, cousa por outra banda normal, nestes tempos onde a



irracionalidade vai en relación directamente proporcional cos logros técnicos alcanzados, podéndose dicir dende hai moito tempo que non existe un só paraíso que non estea ameazado.

Un nefasto día do pasado verán, fun levar á nena a xogar coa súa amiga, cando cheguei onde a casa, fíquei cravado no chan, porque o panorama que tiña diante non o atopaba real. Era como entrar de cheo no medio do peor dos pesadelos. Sinxelamente, o bosque xa non estaba. Destruírono. Da maneira máis burda e salvaxe que discurrir se poida. No lugar onde onte reinaba a espesura, enormes muñóns de madeira amosaban, de xeito acusador, a tala sen piedade. ¿Cómo foi posible?

Cando puiden reaccionar, caín sobre o timbre da porta da casa, ansiando unha explicación á maneira de inyección tranquilizante de urxencia...

Saíu a nai da nena e a súa faciana denotaba que aínda non estaba naqueles intres. Non fixo falla enquisa ningunha “Ó parecer, os veciños da urbanización queixáronse de que as árbores non deixan entrar a luz do sol dunha maneira axeitada na propiedade”.

Que Deus nos perdoe

VICENTE GOLMAYO ENRIQUE.



“CONVERSA CUN ZOQUEIRO”

UN DOCUMENTO EXCEPCIONAL DA GALICIA QUE DESAPARECE. UN LIBRO DE ANTONIO DÍAZ

Non han de pasar moitos anos para ver desaparecer moitos oficios e artes tradicionais ós que estabamos acostumados a ver a cotío nas aldeas e vilas galegas. Oficios a meirande parte deles manuais que hoxe perden sentido pola mecanización e robotización das tarefas que antes só podían desempeñar homes ou mulleres con certas calidades e moita maña.

Quizais debamos acostumarnos á desaparición destes homes e mulleres afiados, tecelás, cesteiras, ferreiros, zoqueiros, fiandeiras, muiñeiros, vidreiros, ... pero o que non podemos é deixar morrer estes oficios na memoria de todos. Hai que ser prevenidos e previsores. A memoria da nosa Galicia tradicional non pode morrer se temos respecto polo que é noso.

Nesa filosofía aparece o libro do noso amigo e colaborador Antonio Díaz, un libro que recolle a tradición dos zoqueiros, aqueles que calzaron ós nosos avós e ós nosos pais á hora de ir traballalas leiras ou leva-lo gando dalá pra acá.

Este é un libro de referencia no que se refire a arte tradicional de facer zocos. A información vén de primeira man, o

título reflicte a fonte de información: “Conversa cun zoqueiro” é un diálogo fluído e revelador cun deses mestres artistas que adicou a súa vida a este oficio no que acumula moitas experiencias e anécdotas que se relatan ó longo desta centena de páxinas.

Recomendamos evidentemente este libro. Pódese atopar na librería Sargadelos de Barcelona ou na propia entidade Rosalía de Castro. Mais o que recomendamos decididamente é o exemplo que nos amosa o autor. Debemos recuperar para a memoria aquela Galicia que vai desaparecendo da vida cotiá. Non agardemos a que morran artes, oficios, técnicas ou calquera outra tradición sen facer o que corresponde: perpetualas polo menos sobre papel impreso, conservalas como mínimo nun arquivo onde podamos documentarnos sobre o noso pasado que é, en definitiva, o que nos fai ser hoxe como somos. Que exemplos como esta “Conversa cun zoqueiro” de Antonio Díaz cundan e incen ese arquivo cultural da nosa memoria.

CARLOS DE TORRES

Badalona

Conversa cun Zoqueiro



caballerizas. En la "Rotonda" (antiguo picadero), se sitúa el salón de actos, archivo, biblioteca y museo. La biblioteca, aunque privada (es propiedad del director de la Cátedra), está integrada en la red de bibliotecas de la Generalitat de Catalunya e inscrita en la del Ministerio de Cultura, y puede ser consultada por todos los estudiosos que así lo deseen: dispone de alrededor de 14.000 volúmenes, entre los cuales figuran libros sobre arquitectura, urbanismo, jardinería e historia de los jardines, construcción, restauración de monumentos y, desde luego, sobre El Modernismo y su más descollante arquitecto, Antonio Gaudí.

El Museo de Arquitectura acoge desde 1.981, obras de Gaudí y también de otros arquitectos modernistas, caso de Puig i Cadafalch y Domenech i Montaner; se pueden admirar muebles diseñados por Gaudí, hierros forjados, piezas cerámicas del Parc Güell y Casa Batlló, maquetas y vidrieras, como las de la Catedral de Mallorca. El Museo está adherido al I.C.A.M. (International Council of Architectural Museums = Consejo Internacional de Museos de Arquitectura).

Planos y dibujos de significado relieve e importancia, entre los que se encuentran algunos de los pocos originales de Gaudí (a causa de la quema del archivo sito en la Sagrada Familia), se disponen en el archivo, así como un fondo de más de 75.000 diapositivas, antiguos negativos de vidrio y colecciones fotográficas.

ACTIVIDADES DE LA CÁTEDRA

La Cátedra, con su director al frente y de los profesores adscritos a la misma, así como de los becarios,

desarrollan una febril actividad (inexplicablemente poco conocida, y reconocida, en Cataluña y en España). No así en otros lugares del mundo, como lo prueban las numerosas exposiciones que la Cátedra ha organizado (y sigue organizando) -y en las que han figurado objetos artísticos de los descritos en el Museo- por Europa, América y Asia (especialmente, y desde 1.978, en Japón), país con un elevado interés por el Modernismo y Gaudí, hasta el punto de organizarse vuelos charter hasta Barcelona, y rara es la semana que no es visitada la Cátedra -huelga decir que el resto de los monumentos modernistas también- por nativos del país del Sol Naciente.

Entre la ingente actividad desarrollada por la Cátedra cabe destacar además de lo reseñado las dos asignaturas del sexto curso de la carrera: "Ha. del Urbanismo y de los Jardines" y "Restauración de Monumentos"; es ésta, precisamente, otra actividad de la Cátedra: así, ha redactado los proyectos para el Monasterio de Poblet y de Pedralbes, Palau de la Música, Teatro del Liceo, Santuario de la Misericordia (Reus), Iglesia de Santa Maria del Mar, etc., al igual que los de las Catedrales de Barcelona y Tortosa. Además, y volviendo al campo de la docencia, la Cátedra imparte tres cursos de Doctorado al año pertenecientes a un programa sobre "Conservación y Restauración de Monumentos y Ambientes", "Jardinería y paisaje" y "Arquitectura de Gaudí". Asimismo, se imparten cursos de humanidades y conferencias por todo el mundo, y se ha publicado (y se publican) abundantes monografías a destacar las de la Real Academia de Ciencias de Barcelona y unos veinte títulos, así como cien-

tos de artículos en diarios y revistas, todo ello a cargo del director de la Cátedra y de los profesores adscritos a la misma.

Por otra parte, la Cátedra mantiene una estrecha colaboración con otras instituciones del ámbito gaudiniano y/o propietarios de edificios, tales como; Caixa de Catalunya, Caja de León, "El Museo de los Caminos de Astorga" (León), el Capítulo de la Catedral de Mallorca, la Casa Museo Gaudí del Parque Güell y la Junta del Templo de la Sagrada Familia, así como con otras instituciones;

A título anecdótico pero al mismo tiempo significativo decir que cuatro "voluminosos volúmenes", dan testimonio de las numerosísimas personas que visitan la/Cátedra, así como que en la misma tuvo lugar la investidura del gran Josep LLuís Sert como Dr. Honoris Causa.

Respecto al futuro de la Cátedra, de acuerdo con la Escuela de Arquitectura, se han redactado unos estatutos al objeto de transformarla en una Fundación Pública Universitaria con un Patronato al frente en el que participarían dos Reales Academias, las Obras Sociales de las Cajas de Ahorro de Cataluña y las Universidades de Barcelona y Politécnica de Cataluña.

EL JARDIN DE LAS "HESPÉRIDES"

La entrada a la Cátedra se halla presidida por una reja de hierro que sirve al mismo tiempo de entrada al jardín en la que destaca el dragón "Ladón" personaje de la leyenda mitológica de Hesiodo y Apolodoro y que relatan así: Euristeo, Rey de Micenas, impuso a Hércules una serie de trabajos entre los cuales, el undécimo consistía en plantar en España el Jardín de las "Hespérides" después de robar las frutas del jardín

auténtico. El jardín o huerta de las "Hespérides" tenía un poderoso guardián, el dragón "Ladón" el cual fué vencido y encadenado por el héroe griego y convertido en una constelación y tres doncellas, las "Hespérides"; Eglé, Aretusa e Hiperetusa. Estas fueron castigadas por los dioses por haberse dejado robar las "manzanas de oro", convirtiéndolas en sendos árboles; un sauce, un olmo y un chopo. Toda esta leyenda se muestra en la puerta y el jardín de la Finca Güell, puesto que el poeta Jacinto Verdaguer en su poema épico, "La Atlántida", narra el undécimo trabajo de Hércules incorporando la creación del nuevo jardín hespéridico en España que, con la ayuda de Gaudí que diseñó la reja de hierro forjado con el famoso dragón, se sitúa en la Finca Güell formando parte del homenaje del poeta Verdaguer con "La Atlántida", y del propio Gaudí, que tributaron al Marqués de Comillas (suegro de D. Eusebio Güell).

Una parte del jardín después de distintas fragmentaciones quedó en lo que hoy es la actual Cátedra Gaudí, y es destinado a jardín botánico cumpliendo funciones relacionadas con la docencia en lo concerniente a alguna de las disciplinas que imparte la Cátedra.

El jardín, alberga distintos edificios y bienes arquitectónicos de cierto interés; una lápida de Jujol, una barandilla procedente de la "Casa Botines" (en León), etc. Y, entre los diferentes tipos de arbolado tales como eucaliptus, encinas, algarrobos, alcornoques, destacaríamos el palmito por ser un árbol muy caro a Gaudí (en sus hojas se inspiró para varias de sus composiciones decorativas, como la reja de la "Casa Vicens"). Hay También, un templete circular ofrendado al dios Solar Apolo, al lado, tres cipreses que evidentemente

"no responden ... " a los nombres de Melchor, Gaspar y Balta-

sar, pero sí son conocidos por los nombres de los Reyes Magos. Completan el muestrario arbóreo pinos, olmos y palmeras.

Gaudí consideró la idea de que Sta. Eulalia, la Santa de Sarriá, pasara por este lugar en su postrer viaje a Barcelona para ser martirizada en los albores del S. IV, por ello, una imagen de la misma se encuentra en el jardín.

"THE ATTRACTION HOTEL PROJECT"

Es sabido que muchos arquitectos del Modernismo (y aún, fuera de él) utilizaron con profusión los arcos catenáticos y, así, durante el periodo comprendido entre el 1.883 y 1.930, en Cataluña se construyeron numerosas obras con arcos equilibrados de ladrillo; cooperativas vitivinícolas del Campo de Tarragona tales como las de Rocafort de Queralt, Pira, Barberá, Cornudella, Falset, Vilardona, Pinell del Brai, Gandesa, Nulles, Aiguamurcia, Santes Creus, etc., sin olvidar las interesantísimas bodegas de Raimat, en la Comarca Lleidatana del Segriá, obra del gran arquitecto Joan Rubió i Bellver. Éste los utilizó también en sus obras de la Residencia Estudiantil de la Escuela Industrial de Barcelona, en la Balmalesiana y en el Asilo de Igualada. En líneas generales, tras el impulso de Gaudí que no hace falta decir que los utilizó prolijamente en varias de sus obras numerosos arquitectos aplicaron a la construcción la técnica de los arcos equilibrados. El arco catenático es, básicamente, la curva que adquiere una cuerda, cadena metálica, etc., completamente flexible y con una carga homogéneamente distribuida equilibrada en toda su longitud, sujeta en sus extremos y libremente suspendida. En ello se basaron los arquitectos para hacer el cálculo de los arcos equilibrados de ladrillo.

Todo esto, viene a propósito de un proyecto atribuido a Gaudí en el que, de haberse llevado a efecto, el uso de los arcos equilibrados hubieran tenido una formidable aplicación. En el año 1.956, hay un resurgir del interés mundial en torno al fenómeno Gaudí y a su obra. En tal contexto, Juan Matamala Flotats, colaborador de Gaudí, publica una monografía cuyo texto íntegro se publicó en el "Gran Gaudí" (1.989) original de Joan Bassegoda i Nonell. La monografía se titula "Cuando el nuevo mundo llamaba a Gaudí", y el original manuscrito (junto con los dibujos) se conservan en la Cátedra Gaudí sobre el "Hotel Atracción", obra supuestamente encargada a Gaudí por dos hombres de negocios estadounidenses en 1.908. Ningún otro biógrafo de Gaudí alude al tema, en los USA, por ahora, no se ha logrado ninguna pista que permitiera alguna aproximación al entorno de los dos pretendidos "hoteleros" ni de sus descendientes, sólo Matamala parece tener noticias del asunto por lo que, en principio, es un problema el poder autenticar el proyecto. De hecho, y según aquél, hay unos croquis de Gaudí y unos dibujos propios, que interpretan el supuesto proyecto. A Gaudí se le atribuyen los croquis de la Planta, la Sala "América", Sección longitudinal, Otra sección longitudinal. De Juan Matamala, que hizo trece dibujos, se pensó que era el autor de todos ellos, tanto los propios como los atribuidos a Gaudí. Pero, hete aquí que en el programa de Doctorado de la Cátedra Gaudí de 1989-1990 sobre génesis de la arquitectura gaudiniana, un arquitecto de la Universidad de Toluca (México), el profesor Marcos Mejía López en su trabajo, "Rascacielos para Nueva York atribuido a Gaudí: Estudio de su forma y composición" (archivo de la Cátedra Gaudí), realizó

un vasto y pormenorizado estudio de los dibujos y texto de Matamala llegando a un interesante resultado final en el que se puede asegurar, sin género de dudas, que cotejando los dibujos atribuidos a Gaudí con los de Matamala, se aprecia que no son imputables a la misma mano. Lo cual significa si bien no presupone la autoría de Gaudí, que Matamala disponía de unos dibujos anteriores que le facultó el enunciado de la sugestiva hipótesis del "Hotel Atracción" de Nueva York. Además, el arquitecto Mejía López, con la ayuda de la construcción de una pequeña maqueta con cadenas, comprobó que los croquis atribuidos a Gaudí se adecuan perfectamente a las formas catenéricas y presentan una asimetría sumamente exacta.

Todo ello permite afirmar, tal como cuenta y en la línea de las conclusiones de Mejía el catedrático Joan Bassegoda i Nonell en su obra, "Aproximación a Gaudí" (1.992); "Matamala no fue el inventor de tal proyecto sino que, valiéndose de unos croquis de ajustadas proporciones se lanzó a establecer la forma y decoración del hotel. Puestas así las cosas no es aventurado creer que los croquis iniciales fueran obra de Gaudí, ya que están compuestas según su personal manera de entender las formas estructurales".

La investigación de Mejía López supone una novísima e importante aportación en el entorno de la obra de Gaudí. Y, de cualquier modo, lo que parece cierto es que el susodicho Matamala que no era arquitecto, sino escultor no pudo ser capaz de inventarse, hablando en clave cinematográfica, toda "la trama argumental", eso sí, en su interpretación de los croquis que obraban en su poder cometió errores de bulto y les dio un mucho de carácter fantasioso. Realmente, en el supuesto de la existencia del encar-

go de los promotores norteamericanos, lo cierto es que el proyecto de Gaudí no pasó de una fase preliminar y nunca se llegó a construir, al igual que el "Office Bulding" (edificio de oficinas en Nueva York) proyecto que en 1.919 y siguiendo las líneas del "Atracttion Hotel" de Gaudí, diseñó el arquitecto Ignacio Bruguera Llobet y del que el Centro de Lectura de Reus, guarda un dibujo.

El estudio técnico, impecable, del arquitecto Mejía debería animar a estudiosos de Gaudí y su mundo a complementar la investigación con algún tipo de trabajo que incidiera en el mundo simbólico, estético, del universo gaudiniano, arrojando quizás más luz lográndose así establecer, sin ningún género de dudas, la autoría de Gaudí. Particularmente, el que suscribe apunta posiblemente, también, dejándome llevar por la fantasía, (o quizá no tanto...) algunas sugerencias; fíjense bien en el dibujo del hotel, ¿no nos recuerda, en una asociación idea/ imagen, a la estatua de la libertad sita en la isla de Manhattan, en Nueva York?.

Tampoco resulta muy difícil establecer una conexión con la zona central de una de las fachadas de la Sagrada Familia, concretamente la más reproducida (pero lo cierto es que Gaudí se hizo cargo de la Sagrada Familia en 1.914, y el supuesto encargo del Hotel de Nueva York fue en 1.908...). ¿Pretendería Gaudí establecer a través de la síntesis de la estatua de la libertad en Nueva York (América) y la Sagrada Familia en Barcelona (Europa) algún tipo de nexo simbólico entre el nuevo y el viejo mundo?. En todo caso, como el propio "Atracttion Hotel Project", no deja de ser sugestivo...

© JOSÉ LUIS BURON ALEGRE

AMIGO DO HOME

O CAN: Razas, enfermidades, comportamentos, conductas, precaucións.

AMIGO DO HOME

Aínda que a alarma social, protagonizada por algúns cans ultimamente, ten sido grande, non deixan de ser feitos aillados, atribuídos na maioría dos casos ós seus donos, porque o can, endexamáis deixará de se-lo mellor amigo do home

É un acompañante fiel, un compañeiro de viaxes e aventura, un ser vivo coas súas virtudes e cos seus defectos, que ten compartido a historia da humanidade case dende a súa mesma orixe. Están salvando a milleiros de seres humanos en todo o mundo nas catástrofes, persoas desaparecidas ou enterradas polos escombros ou aludes, en accidentes, artefactos explosivos, aprensións de drogas, tabaco, etcétera. Se algúns poucos son agresivos, non quere dicir que o sexan todos. Da educación e cariño que seu dono lles dea, dependerá o seu comportamento e actitude fronte da vida, do mesmo xeito que ocorre na aprendizaxe do *homo sapiens sapiens*.

RAZAS

As actuais razas de cans son o resultado de numerosos cruces acontecidos, no transcurso do tempo, entre estas poboacións de cánidos, ademais, haberán concurrido tamén a determina-las formas actuais, dun xeito importante, e con resultados ás veces sorprendentes, un número imposible de precisar, de mutacións xenéticas improvisadas e a continúa selección efectuada de maneira consciente ou inconsciente polo home. Esta teoría vese apoiada polo feito de que, nos albores da época histórica coñecíanse razas de cans no seu estado máis ou menos avanzado de domesticidade, e cos aspectos morfolóxicos máis variados, en tódolos pobos da Terra, salvo na Guínea, Nova Zelandia, Filipinas, Molucas e moitas pequenas illas oceánicas, onde, por outra banda non existían nin xiquera cánidos salvaxes.



As razas de cans poden agruparse en tres grandes conxuntos:

- A).- Razas de caza
- B).- Razas de labor
- C).- Razas de compañía.

A).- Razas de Caza.- Comprenden á súa vez os seguintes grupos:

1.- *Razas de mostra.* O can perdigueiro que se move xeralmente a pouca distancia do cazador, explora o terreo meticulosamente e con método, ata atopar un rastro recente. Ségueo entón con precau-

ción ata alcanza-la proximidade do punto onde a peza se escondeu. A moi pouca distancia da presa párase e permanece inmóvil, apuntando co fuciño na dirección requerida agardando que o cazador interveña. Os cans de mostra máis coñecidos son: bracos, grifóns, épagenuls e pointers.

2.- *Razas de cobro.* Son seleccionadas somentes para o cobro de pezas feridas, inclusive lixeiramente, que buscan a súa salvación na fuxida. O cobro debe ser rápido e seguro en todo tipo de terreos, e incluso na auga profunda. Polo tanto as dotes requeridas nestes cans son, a obediencia absoluta, a partida instantánea, a velocidade e a perseverancia. Os máis coñecidos son as razas Labrador e o retriever dourado.

3.- *Razas de busca.* Son aquelas que, cando a caza sobre todo de pluma, ten sido alcanzada polo cazador, saben atopala incluso nos ambientes máis difíciles, collela coa boca sen

danala e levala ó seu dono. As máis coñecidas son: Coker spaniel, espaniel de auga irlandés, spaniel springer (inglés e galés) e o spaniel alemán.

4.- *De rastreo.* Son dúas as especialidades dos cans de rastrexo: a caza en silencio da lebre, do zorro ou da caza maior (gamo, cervo, tecétera) e a caza individual á espreita. Os sabuesos italianos, serían, segundo tódolos especialistas, os antecesores de tódolos cans de rastrexo de Europa.

5.- *De madrigueira.* Son os que fan saí-la caza (zorro, teixugo, coello, etcétera.) do interior das madrigueiras. Para este traballo especial os cans deben ser moi curtos de patas e deben posuír un temperamento valente e combativo. Son cans de madrigueira os dachshund alemáns e os terriers.

6.- *De carreira.* Nesta sección agrúpanse os galgos e os lebreles, cans de constitución principalmente longalinea e con frecuencia ultralongafilia-nea, nos que, para tódalas partes do corpo, as medidas lonxitudinais son maiores cas transversais. Entre os máis coñecidos atópanse o galgo ruso ou borzol, o lebrél inglés, o wippet, o afgano ou o galgo irlandés, e o rápido galgo español.



B).- Razas de labor. Comprende, pola súa parte, as seguintes:

1.- *De socorro.* Son o can de San Bernardo e o can de Terranova. O primeiro criado polos monxes do hospicio de S..Bernardo, e que se utilizaba para a búsqueda e o auxilio dos homes perdidos na montaña. O segundo criado na illa homónima de Terranova, atópase especializado en difíciles salvamentos no mar. Ámbolos dous son de tamaño abondoso, dotados dunha forza excepcional e dunha intelixencia e valor non menos destacados.

2.- *De defensa.* Son as razas que se empregan para a defensa persoal do home e adéstranse para desarmar e inmovilizar ó agresor do seu dono. Son especialistas nestas actividades razas de orixe diverso, todas de gran tamaño e dotadas de forza e axilidade. Destacan o boxer, o terrier airedale, o dobermann e o schnauzer xigante.

3.- *De garda.* Son as empregadas na defensa das propiedades. Estes cans, cando foron ben adestrados, non ladran, senón que se abalanzan improvisadamente sobre do ladrón ou malfeitor, desarmándoo e inmovilizándoo ata que chega o seu dono. Con este fin utilízanse razas de tamaño grande, pero tamén medio e cativo, aínda que todas están dotadas de grande forza e robustez. Entre as máis coñecidas atópanse o alano, o dálmata, o schnauzer, o pinscher e o bullmastiff.

4.- *De pastor.* Desta sección compréndese un complexo grupo de razas, que non sempre están ben definidas morfolóxicamente, e que ás veces teñen unha importancia puramente local. Xeralmente són razas de tamaño medio ou grande, das formas e orixes máis diversos. Normalmente atópanse provistos de pelo longo, solto impermeable, ó que no inverno engádeselle unha borra curta, lanosa e quente. Empréganse para

defende-los rebaños de ovellas (cans ovelleiros) e os conxuntos de vacas. Axudan de maneira insustituible a reunir e a conduci-los animais, sen que ningún deles se separe do rebaño. Os máis característicos son o pastor alemán, o pastor escocés ou collie, o can pastor da Bauce, o can pastor belga, o gran Bouvier suízo, o bouvier de Flandes, o bouvier das Árdenas e o welx corgis

5.- *De combate.* O can máis característico de razas de combate é o bulldog inglés, pequeno mastín robusto e valeroso, que antano empregábase na loita contra os touros, polo seu comportamento combativo e a súa tenacidade.

6.- *Nórdicas.* Son cans de trineo empregados polos habitantes das rexións árticas e antárticas para tiro e transporte. Dentro desta categoría están o samoyedo, o esquimal, spitz, islandés, lapón -pero de Elan- e siberiano ou laika.

C).- Razas de compañía. Neste grupo inclúense, ademais de algúns cans típicamente de compañía, como o caniche, o maltés e o pomerano, as variedades enanas de moitas razas e de labor como el galguillo italiano, os cativos grifóns, os pequenos épagneuls, os cativos terriers e algúns pequenos representantes dos molosoides ou mastíns.

Os cans policía e os cans lazarillos realizan varias funcións á vez. Os que se adestran coma cans policía acostuman a escollerse entre as razas de defensa, de garda ou pastor. Como cans lazarillos amaéstranse xeralmente as femias dos cans pastor alemán, dobermann ou boxer.

ENFERMIDADES:

Os animais adultos vense afectados con certa frecuencia por afeccións renais de tipo inflamatorio, as nefritis. As formas que se presentan máis polo miúdo son as crónicas, que poden deberse a axentes tóxicos e infecciosos. Estas infeccións que dexeneran case sempre en procesos nefríticos son o moquillo e a leptospirosis.

1.- *Moquillo.* Esta enfermidade infecciosa, propia dos carnívoros, é provocada por un virus e en condicións naturais afecta principalmente ós individuos xóvenes. O contaxio ten lugar frecuentemente por vía directa, de animal infectado á animal san; menos frecuente é o contaxio indirecto. O virus atópase abundantemente na secreción nasal, no líquido conxuntival e nos excrementos e na orina.

2.- *Hepatitis infecciosa*. É outra enfermidade infecciosa producida por virus, con manifestacións clínicas que ás veces superponse ás do moquillo, e que afecta xeralmente ós cans xóvenes.

3.- *Rabia*. Enfermidade dos mamíferos que afecta en especial ós cans; débese a un virus que se fixa no sistema nervioso ou centra; dito virus atópase incluso nas glándulas salivares e na saliva, que se converte nun eficiente vehículo de contaxio. A difusión da rabia é amplísima, atópase en tódolos continentes excepto en Australia. Esta enfermidade é unha típica zoonosis, que pode transmitirse dos animais ó home, o contaxio realízase por mordedura ou por rascadela causada cos dentes, pero ás veces, cun simple lametón.

4.- *Leptospirosis*. Enfermidade caracterizada por fenómenos de ictericia e por hemorraxias, provocada por espiroquetas do xénero *Leptospira*.

5.- *Enfermedades parasitarias*. Entre elas poden citarse a Hidatidosis e as sarnas. A primeira débese a un cestodo, que na forma adulta é parasitaria do bandullo do can, mentres que a forma larval (quiste hidático) é hóspede do home e de algúns animais. As sarnas son causadas por algúns ácaros como o *Sarcoptes sacabiel*, *otodectes synotis* e o *demodex folliculorum*.

COMPORTAMENTOS:

As alteracións do comportamento dos cans, levan ó desequilibrio das pautas de conducta no animal e, maniféstanse finalmente na agresión, como resposta ante as diversas situacións en que pode verse inmerso o animal-na súa vida con outros cans ou co home.

A súa orixe pode ser debida a diversos factores:

Cans con alteracións xenéticas transmitidas por herdanza, con todo tipo de problemas de conducta.

Cans con trastornos físicos, inciden nos instintos básicos do animal, presa, defensa, garda. Por exemplo tumores, alérxias, epilepsia.

Cans con trastornos psíquicos; por malas experiencias, incide igoalmente sobre os instintos.

Cans non socializados adecuadamente, serán cans medosos e inseguros.

Cans maltratados, castigados.

Cans incorrectamente educados ou adestrados ou que se teñen usado malos procedementos e utensilios e entón responderán imprevisiblemente.

CONDUCTAS:

Diversos factores internos ou externos inciden na conducta animal, manifestándose con respostas agresivas.

Dominio excesivo, que levará ó enfrontamento constante.

Fobias, medos: cans inseguros e imprevisibles.



Ansiedade, escitabilidade: acumulan tensión, son auténticos potenciais de orixinar agresións.

Hipersensibilidade: demasiado perceptivos ós estímulos externos.

Tódalas alteracións do comportamento como as do carácter, poden ocasionar en determinados contextos, condutas agresivas cara as persoas e outros animais

PRECAUCIÓN:

Diante da ameaza dun can, é preciso tomar unha serie de medidas:

Nunca se debe pasar correndo por diante dun can de amose actitude agresiva, porque poténciase o instinto de caza. Teremos que pararnos aínda que vaiamos facendo footing.

Non poñerse en cuclicllas no plan amizoso nin agacharse a coller unha pedra. O can mide ó seu adversario pola altura. Se un se agacha ponse en inferioridade.

Nunca lle miredes fixamente ós ollos, na lingaxe canina significa que se lle está retando.

Non darlle nunca a espalda, temos que retirarnos sen perderlle o fronte. É como dicirle: "Non teño medo, pero non quero nada contigo".

JUAN RODRIGUEZ GOMEZ DACAL.

Licenciado en Derecho



¹ BIBLIOGRAFÍA:

Enciclopedia de la Ciencia y de la Técnica.
Revista nº 676 de la G.V. ano 2000.

AS ÁNIMAS ÁS PORTAS DO INFERNO E O RÍO DO ESQUECEMENTO.

A MITOLOXÍA CLÁSICA RELATIVA Á MORTE. COINCIDENCIAS COA BRETAÑA E CON GALICIA

Crían os gregos que o mundo dos mortos estaba no fondo da terra, pero que, aínda máis fondo, estaba o Tártaro, que era o lugar onde Zeus botara ós titáns despois de derrotalos. Alí os deixara presos, vixiados polos hecatónquiros.

No Tártaro tamén estaban os pecadores sufrindo grandes castigos.

Crían tamén que a entrada ó inferno estaba no extremo occidental da terra e era lóxico tal pensamento se nos decatamos de que este era o final da terra, o lugar onde principiaba un mar descoñecido. Tamén chegaron a situala entrada nalgunhas simas moi fondas.

Para eles as almas despois da morte perdían a conciencia e a lembranza deste mundo. A alma dun defunto entraba primeiro nun recinto que esta un gran regado e pasaban logo ó Erebos, mundo de tebras que consideraban propiamente o inferno e que estaba percorrido polos ríos Cocito e Aqueronte.

Para entrar no Erebos tiñan que pasa-lo río Aqueronte nunha barca da que o patrón era o barqueiro Caronte, fillo da noite (Nyx) e as tebras (Erebo) que lles cobra un óbolo -moeda de prata- pola viaxe. Por iso os gregos colocaban unha moeda na boca ós seus mortos. Este río era, polo tanto, a verdadeira e definitiva entrada do inferno. O Aqueronte nalgún tempo fora un rapaz -fillo de Helio e Xea-, a quen Zeus transformara en río. No Aqueronte está sempre vixiando o Can-

Cervero, can tricéfalo que ten cola e cabelo de serpes.

Vían os ríos como divinidades e iso ten certa correspondencia con Galia, onde hai lendas que contan que algúns dos seus ríos –o Miño e o Eume por exemplo- teñen que cobrar a lo menos unha vida cada ano.

O Cocito era o río que rodeaba o inferno e, polas súas marxes, baixaban os espíritos dos que foran privados de sepultura. Tamén lle chamaban río das lamentacións.

Outro río era o Leteo ou Letes. Os mortos bebían das súas augas e esquecían a vida; era o río do esquecemento. As ánimas eran así sombras sen corpo e sen consciencia nin capacidade de lembranza.

Se se percorre o camiño que, dende Atenas, leva ó santuario de Apolo en Delfos, pásase por un lugar chamado Tristraton (tres estradas). É un lugar onde a literatura, neste caso concretamente a traxedia “Edipo Rei”, adquire nun lugar xeográfico a categoría de real. Trátase da encrucillada na que supostamente Edipo matou ó seu pai -sen saber que o era- despois dunha pelexa. Dende alí vese un monte tras do que está -un templo adicado a Zeus Trofonios, e -moi preto- dúas fontes: Lizi ou Lete e Mnemosini: a do esquecemento e a da memoria.

Vemos que o nome da actual Bretaña francesa era Armiurc Létha. A palabra Letavia significa en lingua céltica porta do inferno. Unha lenda

de Gales chama con ese nome á Bretaña: Llydaw > Lytaw > Letavia. Esta palabra tamén significa “país chan” e tamén “lugar da morte e derrota”.

Tito Livio explica unha batalla na que o exército romano é derrotado polos galos no norte de Italia no bosque de Litanam. O profesor García Quintela na súa obra “*Las puertas del infierno y el río del olvido. Un tema mítico en la etnografía ibérica de Estrabón*” recolle as posibles relacións destes feitos cos que aparecen no poema galés sobre das arboriñas ou Kat Godeu. Nesa lenda sulñáanse os poderes sobrenaturais dos bosques sagrados. Con respecto a ela vénsenos á cabeza a idea animista de Pondal, vendo ós piñeiros e ós carballos coma fortes e valentes guerreiros.

En Galicia estaba o río Letes (Limia). O seu nome podía ser céltico, e puido ser confundido –pola similitude fonética- co significado do vocábulo grego (esquecemento). Tamén pode –quizais- ser doado que ámbolos dous lexemas teñan unha orixe común máis lonxana coma membros que son da familia indoeuropea.

Cando os romanos chegaron ó río Letes ou Leteo con Decio Xuño Bruto, no ano 137 a C, para face-la que sería a primeira incursión no N.O., atópanse cun dobre problema. Por unha banda podían ter medo a perde-la memoria ó pasa-lo río estando eles lonxe da súa terra, nun

mundo descoñecido do que non tiñan referentes. Iso facía medra-la súa inseguridade que tamén estaba orixinada polas súas propias crenzas e supersticións. Por outra banda o problema era tamén unha importante cuestión de prestixio ó seu favor. Se non saían ben parados, a súa derrota estaría xustificada porque era debida a causas sobrenaturais. Se saían con ben, o mérito era enorme e amosaba que os exércitos invasores contaban co apoio dos deuses. Quizais aqueles soldados creron efectivamente que estaban diante do río do esquecemento e, como di Floro, o sentimento de Decio Xuño Bruto fora o de cometer un sacrilexio, ou un pánico a atravesalo e non se lembrar absolutamente de nada. O acontecemento provocou espectacular e tivo importancia de abondo para que o recolleran historiadores como Apiano e Tito Livio.

Pasemos agora unha ollada pola crenza nas portas do inferno, xa mencionadas no caso dos gregos. Pódese aceptar que é un elemento presente na mitoloxía celta e moi concretamente na da Bretaña. Isto é bo de comprobar:

En Sant Michel de Brasparts está le Youdic ou porta do inferno (petite huille), aínda que cómpre precisar que máis ben é unha das portas, pois tamén no regato de Huelgoat áchase outra porta "Le trou du diable", na entrada ó caos (chaos)¹.

Tamén recolle a mitoloxía bretona que o Cabaleiro da Morte sae das covas do mar na península de Crozn cara a punta de Pen-Hir, onde se abre un Youdic, na chaira de Yeun Elez.

O río e o mar están directamente relacionados coa morte. Existe tamén na Bretaña -coma en Grecia-

a barca das almas, segundo se conta en Quiberon. Neste caso pasa polo mar do mundo real, pero é unha barca invisible, que leva ós que morreron no mar ata a illa dos desolados. Din que leva a meirande parte dos mortos a Carnac².

Outra reflexión que semella vir ó caso é que, de feito, os mitos convértense en costumes e crenzas vividas como realidades que se estenden e viven no espacio e no tempo ata o extremo de que -aínda hoxe- en occidente vivimos inmersos nun contexto cultural que agora si que está a piques de desaparecer, pero que aínda existe. Vémolo no sinxelo exemplo de que o mundo cristián celebra a festa de defuntos e mailo día de tódolos santos. En Galicia os honores ós mortos aínda teñen algo especial e quizais non sexa soamente unha coincidencia debida ó azar, se temos en conta que os celtas celebraban o día 31 de outubro o seu fin de ano e o 1 de novembro o primeiro día do ano. Consideraban que ese día o pobo dos espíritos dos mortos invadía o mundo dos vivos. Otero Pedrayo recolle datos de que en Galicia esa noite se lles deixa comida ós espíritos dos mortos.

É evidente a importancia que tiveron as crenzas relativas ás almas dos defuntos na Bretaña e en Galicia a pesares de que tamén houbo diferencias de matiz.

Taboada Chivite conta que Castelao observou que o enfoque dese mundo na Bretaña céntrase máis no inferno, mentres que en Galicia ten máis importancia a presenza das almas do purgatorio e o desexo de ceibalas, tanto para que poidan descansar en paz, tras de cumprir algo que deixaron por facer

nesta vida, como para que poidan entrar no inferno se é que hai algo que lle-lo impida. Non son tan abondosos noutras terras os motivos e advocacións dos que son exemplos a igrexa das ánimas en Santiago, as numerosas confrarías de ánimas que houbo en Galicia, os petos de ánimas nos camiños e proximidades das igrexas, coma o de San Xiao de Ferrol, o de Arbo (Pontevedra), o de Famelga de Cotobade (Pontevedra), o de San Salvador de Pazos de Arenteiro (Ourense), ou tamén aqueles outros pequenos petos de ter na igrexa, de madeira, moitas veces con rudos relevos primitivos representando ás ánimas no lume, que hai en moitísimas capelas galegas, ademais dalgúns retábulos que incorporan o tema coma o da igrexa parroquial de Beade.

Conta, tamén Taboada Chivite, que na noite de defuntos se deixaba comida para as ánimas e tamén que as campás tocaban a morto.

Non se trata de facer aquí un estudio exhaustivo, senón de dar unhas pinceladas a un tema que preocupa a tódalas culturas e que, polo mesmo, se prestou a que houbera coincidencias casuais e tamén contaxios. Houbo crenzas comúns a unha gran cantidade de pobos, por exemplo o culto ós devanceiros mortos. Pénsese nos espíritos dos familiares mortos dos romanos, e tamén nos similares en Indonesia, tribos de África ou indios americanos. O home sempre lembrou ós seus seres queridos ausentes. Dicía Rodríguez López sobre destas crenzas que ó morrer as almas convertíanse en Lemures ou manes. Se o lemur adopta a posteridade da familia, chamábase larva doméstica; mais se a iniquidade os

¹ Bernard de Paredes. *Legendes de L'Argoat*

² Lascaux. *Legendes et Traditions de la Mort en Bretagne*.

atormentaba, xurdía entón como larva terrible.³

Algúns símbolos tamén foron frecuentes, por exemplo a representación da morte coma un esqueleto con gadaña. Na Bretaña chámanlle o Ankou e Trepas, e pode levar gadaña para sega-la vida e pala para enterra-lo corpo. Ás veces en troques de gadaña leva unha lanza. O seu lema é: "eu mátovos a todos".

A simboloxía da sega, no intre xusto da colleita, está presente máis veces das que pensamos. De certo que moitas persoas que ven o cadro da sega de Van Gogh titulado "Campo de trigo con segador", coa súa cor marela intensa, non pensa no significado dese trigo maduro que se está a recoller nin na simboloxía do labrego coa fouce. Noutro cadro dos mesmos días "Campo de trigo con pegas", cáptase mellor o contido sombrío no ceo azul e negro, cheo de pegas negras, aves de mal agoiro. Os dous están feitos uns días antes do seu suicidio.

Nalgúns lugares consideraban ó Ankou coma un obreiro da morte, que presenta o seu aspecto esquelético, e que en realidade é o derradeiro morto da parroquia nun ano. Pode ter o aspecto dun home alto e delgado cos cabelos longos e brancos, ou ser un esqueleto. A súa cabeza pode virar totalmente arredor para ver toda a rexión que percorre diariamente coa súa carreta para recoller ós mortos⁴.

En occidente denantes e despois do cristianismo explicouse a saída da alma do seu corpo dándolle unha forma concreta e recoñecible. O cristianismo representouna coma un neno que está a nacer ou xa naceu. En Galicia creuse que a ánima saía

en feitura de bolboreta. Esta é unha crenza pagá que compartimos cos gregos. Para eles o vocábulo "psique" é bolboreta e, por causa do significado das dúas palabras, foi esa a imaxe que a alma tomaba ó saír do corpo.

Hai nisto gran semellanza coa Bretaña. Alí crían que a alma saía do corpo baixo a forma dun mosquito.

Hai coincidencia en moitos aspectos da mitoloxía no que respecta ó mundo do máis alá, e moi especialmente na importancia das ánimas e da súa presenza directa entre os vivos. Tamén hai coincidencias nos avisos e premonicións de morte.

Segundo Otero Pedrayo "*cando a galiña canta igual que o galo anuncia a morte na casa*" e engade que esta mesma crenza haina na Bretaña, Irlanda, Escocia e Gales. Tamén, referíndose á aparición das ánimas do purgatorio di: "*A idea de que as almas dos defuntos volven a este mundo e se manifestan ós vivos áchase fortemente entorgada na conciencia do pobo galego en virtude, seguramente, dun herdamento que ven de tempos esquecidos*"⁵.

Chama a atención a similitude de prantexamentos como o do percorrido que efectúan as ánimas cando se erguen á media noite. A procesión das ánimas xa aparece nunha canción céltica do S.VIII titulada Cancioneiro da poesía céltica transcrito por Pokorny.

Se en Galicia hai a Santa Compañía, en Bretaña hai o Anaon ou procesión dos defuntos. Polo día a terra é dos vivos, pola noite é dos defuntos. Entre outras moitas crenzas recolle J.Rodríguez López:

En moitos puntos da provincia de Lugo é pecado varre-la casa pola

noite, porque se lle dá para atrás ás ánimas impedíndolles que se quenten no lar. O día de defuntos en Tuy botan un pau grandísimo no lume para que as ánimas veñan á calor. Creuse que as ánimas baixaban da lúa en forma de abellas...

O contrapunto témolo en datos da Bretaña:

Non é bo varre-la casa despois da posta do sol porque se pode varrer, xunto co po, ás almas dos defuntos, Os mortos sempre teñen frío e queren vir á casa ó lume. A tarde de tódolos Santos os defuntos veñen visitar ós vivos...

Son moitas as semellanzas nos mitos e supersticións que estes dous pobos tiveron ata hai ben pouco. Mesmo comparten a convicción de que hai santuarios ós que se vai de morto se non se foi de vivo, como é o caso de San Andrés de Teixido en Galicia e o de San Servais na Bretaña. Non sabemos se puido influír e en que medida nesa semellanza, aquela invasión pacífica dos bretóns da gran Bretaña ata a pequena Bretaña francesa e ata Galicia no S.V. Quizais haxa por aí vencellos comúns esvaecidos polos séculos.

Agora a etapa da superstición vese rebasada polo mundo actual, pero hai algo de entrañable e inxenuo naquelas crenzas, que son testemuñas, nuns casos, de fortes vencellos entre os pobos e, noutras ocasións, de que illadamente os pobos buscan respostas ás mesmas preguntas. E esas respostas poden se-las mesmas.

MARGARITA SANCHEZ
Licenciada. Profesora de Ensino e Investigación.

³ J.Rodríguez López. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares.* (p.47,48)

⁴ Anatole le Braz. *La Légende de la mort.* (p 67,68) Ed. Jeanne Laffitte.

⁵ R.Otero Pedrayo. *Hª de Galicia, Etnografía. Ciencias relacionadas coa relixión.* Tomo 1. P 417

O RETORNO DOS EMIGRANTES GALEGOS EN AMÉRICA E AS SÚAS REPERCUSIÓNS EN GALICIA (1880-1930)

Na cabeza do noso home instalárase xa, dende había meses, unha pregunta terrible: ¿voltara á súa terra para gozar dos últimos anos e da paga de xubilado que tanto esforzo lle custara, ou máis ben voltara para morrer?

O.SOTELO BLANCO. "Contos de indianos"

Na emigración galega a América obsérvase unha importante tendencia ó retorno, tanto temporal como definitivo. Entre o 1880 e o 1990 o saldo migratorio para Galicia é do 30%, entre o 1900 e o 1912 do 59% e no 1913 do 70%¹


Os motivos para o retorno foron moi diversos: Ter conseguido o obxectivo e regresar triunfantes, fracaso, inadaptación, repatriación forzosa, peche dos cupos inmigratorios que impiden a reagrupación familiar, xubilación laboral, desexo de morrer na súa terra...²

Algúns regresaron para írense, de novo, unha e outra vez. Outros, foron repatriados en condicións deplorables. No xornal ourensán **La Región** do sábado 25 de febreiro do 1911, baixo o título de: "**Miseria ambulante. Regreso de emigrantes**", dise ó respecto: "*Ha llegado al puerto de Cádiz, procedente de Buenos Aires, el trasatlántico SATRUSTEGUI, a cuyo bordo vuelven a la patria muchos campesinos de Galicia... que habían marchado a la Argentina en busca de fortuna. La miseria de los repatriados es espantosa, e según ellos mismos refieren, aún es mayor la de millones de españoles que deseaban volver a la patria y se han quedado en aquella república por falta de recursos para emprender el viaje. La concurrencia de braceros atraídos a todo el sur de América por las halagüeñas ofertas que hacen los agentes de*

emigración, ha producido un enorme abatimiento de los jornales y la vida de los trabajadores es imposible en tales condiciones".

A viaxe era costeada polas sociedades benéficas, centros galegos, entidades locais, comarcais..., que dispuñan dunha partida especial para estes casos. Fracasados e enfermos, algúns morreron durante a travesía e outros ó pouco de chegar. Ós que sobreviviron, os anacos da terra que conservaron en Galicia salvounos da indixencia. Segundo Durán, no 1879 foron 3000 os repatriados, en xuño do 1908 (en plena febre emigratoria) 1500 e en xaneiro do 1914 uns 5000³

Tamén foron obxecto de repatriación e desterro algúns galegos que chegaron a ter un importante no papel sindicalismo obreiro americano. Calificóuselles de indesexables, axitadores, anarquistas ou terroristas. E ó chegar a España agardábaos un estricto control policial ou o cárcere. JULIO CAMBA, que foi un deses desterrados, escribiu no 1907 unha crónica. **El destierro**, na que narra a súa travesía de retorno: "*Yo me explico el que la gente vaya a América en tercera clase, pero no el que vuelva en ella. El que va en tercera lleva consigo la esperanza de un vellocino que no tardará en indemnizarle de todas sus desdichas; pero el que vuelve como se fue es un fracasado.*



¹ LÓPEZ TABOADA, X.A. *Economía e poboación en Galicia*. La Coruña. Ruedo. p.68.

² Outro motivo, de moito menos alcance foi o daqueles emigrantes que unha vez conseguida unha posición solvente enviaron ós seus fillos a estudar na España, xa que isto constituía un sino de éxito na propia comunidade emigrada (ex.Castelao, Luís Seoane...)

³ CAMBA, Julio. "*Repatriación, emigración temporal y retornos de larga duración*", en la Historia General de la Emigración Española a Iberoamérica. Madrid. Historia 16. 1992, vol I p.418.

⁴ Cfr.DURAN, *El destierro*. Madrid. E.M.E.S.A. 1970

Nuestros compañeros de travesía eran gentes que habían tenido un ideal hermoso y que volvían con una triste realidad... Había entre nosotros un buen hombre que en veinte años de lucha sólo había podido adquirir un acordeón"⁴.

O goso dos retornados volveu na terceira clase como na ida, xa que non pasan de seren uns repatriados dignos, que traballaron duro e despois de innumerables sacrificios retornan cuns pequenos aforros.

Tamén foron moitos os que, tendo fracasado, preferiron quedarse nas terras americanas para sempre, para non pasaren así a vergonza que aquilo significaba e que afectaba tamén á súa familia. Un caso extremo foi o acontecido... "en 1882 en una aldea gallega (Noalla), una hija golpeó a su padre con un hazadón en la cabeza matándolo en el acto. El difunto había salido hacia América 20 años antes. La familia no volvió a saber de él hasta que volvió repatriado, sin salud, sin fe, sin plata, como un fardo inútil"⁵.

Entre os que trunfaron houbo moitos que non retornaron a Galicia, a pesares delo nos seus respectivos pobos ou aldeas foron personaxes importantes, converténdose en modelos a imitar. Sen embargo, o retorno digno merecía a pena e festezábase por todo o alto, xa que significaba o trunfo de toda a familia e o éxito a toda a comunidade.

Neste sentido, un caso comentado por tódolos xornais da época aconteceu no 1891, "...cuando Lucas Negreira Páez, que llevaba 72 años en Boston, donde había hecho una considerable fortuna en el negocio del cuero, hizo un crucero con una embarcación propia por Galicia y resto de España, con 16 hijas, 23 hijos, 34 nietas, 47 nietos, 45 biznietas, 39 biznietos, con sus correspondientes consortes. Total 279 almas"⁶.

Pouco a pouco, o indiano faise habitual na paisaxe rural e urbano. O seu retorno ou a súa visita constitúe, durante uns anos un dos maiores acontecementos que poden acontecer en calquera aldea galega. Volve facendo gabanza do éxito acadado e amosa un certo aire de superioridade sobre aqueles que non saíron da aldea. Convértese nun modelo social a imitar, xa que tiña marchado probe e analfabeto e retorna rico e "ilustrado". Representa a presenza de influencias exteriores, que van alterar "el horizonte estructural de una cultura", a galega; non só nas modas do vestir, tamén no folclore, expresións lingüísticas, opinións, mundo das crenzas. Trae moitas ideas e ata ideoloxías. De España tan só coñece a aldea e a cidade onde embarcou, por eso os seus modelos son estranxeiros, volve abraiado e contando marabillas das cidades coma Bós Aires, A Habana, Montevideo, Río de Xaneiro... Relata as excelencias das américas, "da rienda suelta a

*sus opiniones avanzadas ante una audiencia de analfabetos que se negaban a salir de la oscuridad en que vivían..., y esoe-raba redimir el atraso gallego empleando su dinero, no en industrias sino en edificios"*⁷.

Non trai experiencia industrial, polo tanto rara vez inverte neste sector. Non se arrisca a perde-lo gañado e menos nunha sociedade da que descoñece a súa organización económica. A súa figura asóciase ás inversións de tipo ostentosas (casas palacegas ou pazos) máis que de tipo empresarial. Tampouco trata de mellora-las estruturas económicas do país para que a emigración se faga innecesaria. O emigrante retornado inverte no mellor que coñece: a terra (sector agropecuario) que era a inversión máis seguro e a máis necesitada de modernización. Ramón Villares afirma que, as transformacións da agricultura galega no primeiro tercio de século "están en relación directa con la influencia ejercida por la emigración, tanto por ser válvula de salida de la población sobrante, como por el retorno de riqueza en forma de giros"⁸.

O seu comportamento económico, polo tanto, non foi arriscado. As inversións realizadas na industria (da que non se pode falar como tal ata ben entrado este século) foron mínimas (non só no século XX, senón que escasamente aumentaron neste mesmo século). Cando deberían ter sido eles os que tomaran a iniciativa. Aínda que hai que dicir que en case tódalas industrias punteiras galegas pódense atopar importantes inversores de orixe indiana⁹.

Segundo Xoan Carmona, no século XIX en Galicia, alí onde houbo investimento industrial estivo o capital "americano". Como exemplos podemos citar a Juan Antonio Alonso Santodomingo, que ó seu retorno de América creou unha das máis importantes fábricas de conservas viguesas, tamén sería o impulsor e fundador dunha das dúas primeiras empresas metalográficas galegas, "La Metalúrgica" (1902). Da outra "La Artística", establecida na Coruña poucos anos antes, era o principal accionista (posuía o 50%) outro indiano, Manuel Salgado. Tamén houbo inversións de relativa importancia en: Astilleros, serradoiros, primeiras empresas eléctricas... Pero a



⁵ Cfr. DURAN, op.cit. vol I, p.419.

⁶ Cfr. DURAN, op.cit. vol I, p.419

⁷ MATO, Alfonso. "Gallegos en América, americanos en Galicia", en *Indianos*. Monografías de los Cuadernos del Norte, nº 2, Oviedo, 1984, p.57.

⁸ VILLARES PAZ, Ramón. "El indiano gallego. Mito y realidad de sus remesas de dinero", en *Indianos*, op.cit. p.34.

⁹ CARMONA BADIA, Xan. "Los indianos y la cuestión industrial en la Galicia del XIX", en *Indianos*, op.cit. p.48.

maioría, os retornados dignos, aqueles que traían uns modestos aforros (froito de mil sacrificios), en xeral, van seguir dúas pautas de comportamento:

- Uns, volven á aldea, reforman ou levantan a casa familiar de nova planta (o que demostra que a súa misión no exterior foi cumprida), desempeñan, mercan ou liberan de cargas algunha que outra finca, mercan gando, contribúen a que alguén da familia siga os seus pasos e emigre... Volven en resumo, á explotación da terra, pero en mellores condicións.
- Outros retornan, instálanse nunha vila ou cidade, montan un bar, un café, un comercio de ultramarinos, unha modesta pensión, unha zapatería ou outros negocios minúsculos. E xa nunha etapa posterior, mercan pisos.

E o que fixo unha verdadeira fortuna, polo xeral, vive de rendas. A maioría dos indianos deu un emprego ó seu diñeiro que a longo prazo non favoreceu en demasía ó desenvolvemento económico ou industrial de Galicia. Pero a súa boa vontade supliu durante anos as obrigas do Ministerio de Obras Públicas.

Segundo Villares, a contía das remesas de diñeiro enviada dende América (case sempre en pequenas partidas) foi de 50 a 60 millóns de pesetas anuais, entre 1900 e 1920, elevándose considerablemente a cifra a partires deste último ano e manténdose ata 1930. Esas remesas foron a principal fonte de liquidez monetaria da economía galega, incluso por enriba dos ingresos derivados da comercialización de produtos agrícolas¹⁰.

Neste sentido para Vicente Risco "*la dependencia en que se halla el campo gallego del dinero de América es uno de los grandes azotes que lo aquejan*"¹¹. Xa que esta situación contribuía a estabiliza-la economía galega, e así non se introducían innovacións, que era o que realmente se precisaba. Estas remesas permitiron o pago de contribucións, a amortización de débedas contraídas (compra de pasaxes e outros gastos relacionados coa viaxe...); mercar terras (que nalgúns casos tiñan antes en arriendo) a fidalgos nobles ou propietarios urbáns; eliminación de rentas forais; mantemento e mellora dos niveis de vida; melloras técnicas e organizativas no campo. En moitos casos foi substitutivo doutras fontes de financiación na modernización da agricultura galega. Tamén participaron en actividades culturais e sociais: crearon escolas primarias, institutos, patronatos, fixeron donacións para a mellora de servicios veciñais, de locais parroquiais e de adorno de lugares e vilas (sobre todo nos anos vinte), invertiron en bens inmóbeis introducindo novos estilos archi-

tectónicos (de grande exotismo e riqueza), ademais de financiar ou crear xornais e sociedades agrarias.

Neste sentido, moitas das sociedades agrarias galegas non só foron financiadas pola colectividade emigrante, senón que en numerosos casos foron creadas e dirixidas por iniciativa de emigrantes retornados, habituados á loita sindical na Habana ou en Bos Aires. Así o confirma Nicanor Crespo no 1910: "*Pero los ausente, los expatriados no olvidan a la afligida madre gallega... Apenas ha llegado, las más de las veces a costa de la salud, a (reunir) un modesto capital, vuelven a su Galicia nunca olvidada, y vuelven con aire de libertad e independencia*"... "*De ahí que la mayor parte de las sociedades agrícolas existentes en Galicia hayan tenido por fundadores a "americanos"*"¹².

As remesas contribuiron, ademais, ó fomento e financiamento da nova emigración. Xa que en moitos casos, ese diñeiro era utilizado para pagar o importe das pasaxes de algún parente, mercar "billetes de chamada" ou tratar de agrupar á familia na América.

Tamén é preciso destaca-la proliferación en territorio galego das casas de banca e corresponsalías (case familiares) dos grandes bancos internacionais, relacionadas coa recepción das remesas dos emigrantes. O Banco Español do Río de la Plata, xiraba sobre 867 localidades e o Banco de Comercio Hispano-Argentino sobre máis de 200¹³. Temos que ter en conta que "*a pesar de que eran moi cuantiosos os xiros anuais remesas, tamén eran moitos os seus destinatarios... E a metade deles non recibe máis que un xiro en toda a súa vida e o promedio xeral das remesas sitúase nunha cantidade inferior ás 700 pesetas. Esto demostra que o seu destino foi humilde e disperso*"¹⁴.

En relación con este sector da banca habería que lembrar que un indiano, José Pastor y Horta ó seu retorno de Cuba no 1860 aportou a maior parte do capital social dunha casa de banca coruñesa "Pastor hermanos", que se convertería no grupo eléctrico-bancario máis importante de Galicia.

Ó final, despois de mil sacrificios e privacións, son poucos os triunfadores. Moitas veces confundíuse o éxito económico e social dalgunhas ducias de emigrantes cunha situación xeneralizada (por cada indiano rico que retornaba triunfante hai ducias ou centos de fracasados). A realidade é que a maioría, despois de pasar media vida traballando, só conseguiu uns aforros para seguir traballando a outra media.

XOSÉ RAMÓN CAMPOS ÁLVAREZ
Universidade de Vigo.

¹⁰ Según Villares, nunha estatística de 1922 recollida por un xornal de Chatada, que dirixía Costa Figueiras, tiñan chegado a España 541 millóns de pesetas, dos que boa parte correspondían a Galicia. VILLARES PAZ, Ramón. *Indianos* Op.cit. p.32-34.

¹¹ Cfr. SIXIREI PAREDES, Carlos. *A Emigración*. Vigo. Ed. Galaxia. 1988. p.93.

¹² CRESPO, Nicanor. "*El caciquismo en Galicia*". La Región. Ourense, 3 de agosto de 1910, p.1.

¹³ SIXIREI, op.cit.p.9.

¹⁴ VILLARES, Ramón. *Indianos*. Op.cit.pp.32-34.

“O Centro”: nos xornais

la Mañana

DIARI DE PONENT

Iniciarán una campaña para variar la idea de emigrante

Las casas regionales entienden que el término se usa de manera despectiva

LLEIDA. Los responsables de varias entidades que trabajan por la integración social de los inmigrantes en Cataluña y en otros territorios de España han iniciado una campaña para variar la idea de emigrante que se usa de manera despectiva. El objetivo es promover el uso de términos como “personas que migran” o “personas que se desplazan” en lugar de “emigrantes”, que se usa de manera despectiva. El término “emigrante” se usa de manera despectiva para referirse a las personas que se desplazan de su lugar de origen a otro lugar en busca de mejores condiciones de vida. Los responsables de estas entidades entienden que el uso de este término es despectivo y quieren promover el uso de términos más respetuosos. El objetivo es promover el uso de términos como “personas que migran” o “personas que se desplazan” en lugar de “emigrantes”, que se usa de manera despectiva. El término “emigrante” se usa de manera despectiva para referirse a las personas que se desplazan de su lugar de origen a otro lugar en busca de mejores condiciones de vida. Los responsables de estas entidades entienden que el uso de este término es despectivo y quieren promover el uso de términos más respetuosos.



Más de un centenar de personas en la 'Matanza do Porco'

LLEIDA. La Matanza do Porco con orgullo es el Centro Galego de Lleida. Más de un centenar de personas que participan en esta actividad tradicional de la zona de Lleida y alrededores. La actividad se realiza en un espacio exterior y se trata de un evento muy popular. Los participantes se reúnen para matar y preparar cerdos. El evento es muy tradicional y se realiza desde hace muchos años. El objetivo es promover la cultura galega y la tradición de la zona. El evento es muy popular y atrae a un gran número de personas. Los participantes se reúnen para matar y preparar cerdos. El evento es muy tradicional y se realiza desde hace muchos años. El objetivo es promover la cultura galega y la tradición de la zona.



El Centro Galego organiza la 'Matanza do Porco'

LLEIDA. Un centenar de personas participan en la tradicional Matanza do Porco organizada por el Centro Galego. Los comensales degustaron una cazuela elaborada por costillas de cerdo, parte del espinazo y con un relleno de tomate, ajos, cebolla y pimiento. También se degustaron chironos gallegos.

vida social

El Centro Galego ve celebrar domingo pasado 'La Matanza do Porco', que va a contar con la asistencia de un centenar de personas. Los comensales van a degustar productos típicos, como el cerdo asado.

vida social

EXCURSIONES

EXCURSION DEL CENTRO GALEGO

La Vocalía del Centro Galego de Lleida organiza las actividades de este año con una estupenda excursión por Cantabria y Bilbao, visitando entre otros muchos lugares el Museo Guggenheim. Os esperamos de nuevo otra vez a finales de Octubre.

La Vocalía del Centro Galego visita Cantabria y Bilbao

Día de Breogán

Un año más, el Centro Galego de Lleida celebra la festividad de Breogán con una serie de actos. A las 11 de la mañana en la iglesia parroquial de Gimenets, se celebrará la santa misa con acompañamiento del coro Gagalim. A partir de las 2 del mediodía, comida popular. Finalmente, se realizará una quermada como despedida.

LUGAR: Gimenets

El Auditori acoge la primera Xuntanza de Coros Gallegos

LLEIDA - El Auditori sirvió ayer por la tarde de escenario para la celebración del acto central de la cuarta edición de la Xuntanza de Coros Gallegos de Catalunya que por primera vez ha tenido sede en Lleida.

Este acto musical, organizado por el Centro Galego de Lleida contó con la participación de seis formaciones: Coral Virgen del Camino, Coral Leiros de Barcelona, Coral Cantora Jolia, de Lleida, Coral Loxos de Terra, de Barcelona, Coral A Nosa Galia, de Mollet del Vallès, Coro Universitario Galego, de Barcelona, y Grupo Coral Cengalei, de Lleida.

"Esta idea de celebrar un encuentro anual, que desmarcamos Xuntanza, la inició un compositor gallego que vive



El Auditori acogió la cumbre de los Centros Galegos.

desde hace algunos años en Barcelona", explica el presidente del Centro Galego, José Tercero, refiriéndose a César

del Caño, un músico que dirige dos corales en la Ciudad Condal. El centro regional de Lleida nació en 1977.

Una charla de peregrinos abre la semana cultural del Centro Galego

LLEIDA - El Centro Galego de Lleida ha organizado una semana cultural que se abrirá con una charla coloquio sobre el Camino de Santiago, a cargo de la pintora María Ángeles Salas y el profesor José María Ponz, ya que ambos han sido peregrinos. Paralelamente se inaugurará una exposición de Salas donde se captan diversas imágenes de diversos parajes del citado camino.

La semana durará del próximo lunes, día 28, al domingo 5 de marzo. Durante el transcurso de la misma se desarrollarán actividades tan dispares como un concurso de dibujo, una conferencia sobre el euro, la presentación de un nuevo número de la revista *Xurdimento* y una misa cantada por el Coro Cengallei, que tendrá lugar en la iglesia de Sant Jaume, para concluir con la asamblea general de la entidad.



Un momento del acto de celebración

► 'Día das letras' del Centro Galego

LLEIDA - El Institut d'Estudis Ilerdencs (IEI) acogió ayer la celebración del Día das Letras galegas, organizado por el Centro Galego de Lleida. Las actividades se centraron en una conferencia a cargo del profesor Xulio Couxil Vázquez, quien disertó sobre

la figura de Manuel Marguá, escritor, periodista, historiador y político gallego. A continuación actuaron la Agrupación Coral Cengallei y el Grupo Xurdimento. Los actos estuvieron encabezados por el presidente, José Tercero. (Foto: Marc Garró)

La 'xuntanza' se celebrará el próximo día 27 por primera vez

La Xuntanza de Coros Gallegos de Catalunya se celebrará el próximo día 27 por primera vez en Lleida. El acto tendrá lugar en el Auditori de la Ciudad Condal.

El acto musical, organizado por el Centro Galego de Lleida, contará con la participación de seis formaciones: Coral Virgen del Camino, Coral Leiros de Barcelona, Coral Cantora Jolia, de Lleida, Coral Loxos de Terra, de Barcelona, Coral A Nosa Galia, de Mollet del Vallès, Coro Universitario Galego, de Barcelona, y Grupo Coral Cengalei, de Lleida.

Este acto musical, organizado por el Centro Galego de Lleida, contará con la participación de seis formaciones: Coral Virgen del Camino, Coral Leiros de Barcelona, Coral Cantora Jolia, de Lleida, Coral Loxos de Terra, de Barcelona, Coral A Nosa Galia, de Mollet del Vallès, Coro Universitario Galego, de Barcelona, y Grupo Coral Cengalei, de Lleida.

Lleida acogerá la cumbre de los Centros Galegos de Catalunya

El Auditori será escenario del acto cultural de este encuentro de periodicidad anual

LLEIDA

La Xuntanza de Coros Gallegos de Catalunya se celebrará el próximo día 27 por primera vez en Lleida. El acto tendrá lugar en el Auditori de la Ciudad Condal.



La IV Festa do Pulpo 'cocina' 200 kilos del cefalópodo traído en exclusiva desde A Coruña

La Xuntanza de Coros Gallegos de Catalunya se celebrará el próximo día 27 por primera vez en Lleida. El acto tendrá lugar en el Auditori de la Ciudad Condal.

La Xuntanza de Coros Gallegos de Catalunya se celebrará el próximo día 27 por primera vez en Lleida. El acto tendrá lugar en el Auditori de la Ciudad Condal.

MIERCOLES
22 DE NOVIEMBRE DE 2006

breves



Las jornadas culturales Regoron al Centro Galego

► El Centro Galego habla de su tierra

LLEIDA - Las jornadas culturales de la Federación de Casas y Centros Regionales de Lleida se desarrollaron ayer en el Centro Galego donde estaba prevista una conferencia sobre la tierra gallega. La catedrática de Filología

Galega de la Universitat de Barcelona, Pura Salceda, disertó sobre el tema O espertar de Galicia. Al finalizar la charla se sirvió un vino típico gallego. Las jornadas llegarán esta tarde a la Casa de Aragón. (Foto: A.J. Roger)

El Deportivo no se dejó escapar la Liga en esta ocasión y llenó de júbilo a su afición al vencer por 2-0 al Espanyol

El Depor, campeón

Los gallegos consiguen su primera Liga tras derrotar al Espanyol

El Centro Galego siguió el partido

LLEIDA - El centro gallego de Lleida también se unió a los actos festivos del Deportivo de la Coruña y numerosas coruletas que viven en Lleida se dieron cita en este centro para seguir el partido y poder festejar el histórico triunfo de su equipo.



ALVARO



El Centro Galego de Lleida revive la fiesta de la "Matança do porco"

Más de ochenta personas se apuntaron ayer a la celebración de la "Matança do porco" que organiza el Centro Galego de Lleida. La fiesta se celebró en las instalaciones de la empresa Comercial Mermolina, en el barrio de la Bardeta. Tras la ocasión de comidas y embudados en las brasas de una gran hoguera, la tradicional vasija de los asociados culminó con un buen agasajo.



'Calçotada' del Centro Galego

El Centro Galego de Lleida celebró ayer su tradicional calçotada, que contó a gran número de socios en la ciudad de Calçot, donde previamente ocurrieron una misa cantada por el Coro Cangallo. La calçotada es una de las fiestas más importantes organizadas por el Centro Galego, que también dedica un día al 'porco'.



La casa regional de Galicia fue ayer el escenario de una charla.

Conferencia en el Centro Galego

El Centro Galego de Lleida fue ayer el escenario de una conferencia a cargo de la catedrática de Filología Galega de la Universidad de Barcelona, Pura Salazar Carballada, que trató "O espertar de Galicia". Al finalizar el acto, se sirvió entre los asistentes un vino típico gallego.

La de ayer fue la tercera de

las conferencias, después de las del director de redacción de SEGRIE, Santiago Costa, y el secretario del Foro de la Inmigración en Extremadura, que la Federación de Comas y Centros Regionales de Lleida tiene programada en sus Jornadas Culturales, que se están celebrando durante esta semana.



FIESTA DEL PULPO. Decenas de personas asistieron en la mañana de ayer en la "IV Festa Do Pulpo", organizada en los Camps Elísts por el Centro Galego de Lleida.



Corales gallegas de Catalunya "toman" el Auditori

El Auditori de Lleida acogió ayer la "IV Xornada de Coras Gallegas de Catalunya" en la que participaron 8 corales de la comunidad catalana entre ellas el "Coro Cangallo" del centro gallego de Lleida. Al concierto había tres cuartos de entrada, también fueron organizadas el "Coro de Cantabria" de Lleida y la "Coro Virgen del Camino" del centro leonés de Lleida, en la mañana.

GALICIA en el MUNDO

SEMANA A SEMANA

SEMANA CULTURAL, ANIVERSARIO DO GALICISMO, SEMANA DO PATRIMONIO CULTURAL, SEMANA DO TURISMO

ANO VII - NUMERO 353

EDICIÓN EUROPA Y AMÉRICA

1 DE ENERO DE 2000

GALEGA EN O MUNDO

Organizada polo Centro Galego de Lleida e supervisada pola Coordinadora Coral Galega de Catalunya

A IV Xuntanza de Coros Galegos de Catalunya estivo adicada a Ángel Barja



Unha das actuacións da Xuntanza de Coros Galegos de Catalunya, adicada a Ángel Barja. A esquerda, o coro de Coros Galegos de Catalunya e a dereita, o coro de Coros Galegos de Catalunya.

Antes de remata-lo ano visitaron os seus maiores

O Centro Galego de Lleida fai balance do programa de actos levados a termo durante o ano

A DEIDA, Lleida
O Centro Galego de Lleida, que preside Xosé Terceiro, fai unha ampla valoración das súas actividades levadas a cabo no derradeiro ano 1999. Despois de que o pasado ano celebraran o XX aniversario cun ambicioso programa, o XXI non foi menos xa que os compoñentes da representación de Galicia na cidade do Segre seguen levando alto o seu facho de galeguedade. Diso da boa constancia un amplo informe no que explican a moira de actos realizados durante o ano.

Galicia en el Mundo da unha escolma daqueles máis soados pola súa transcendencia na cidade de Lleida, realizados sobre todo no segundo semestre, xa que dos anteriores xa tiveron noticias neste semanario. No mes de xullo celebraron a festividade do Apóstolo Santiago cunha cea da urmandade á que asistiron as principais autoridades da cidade xunto con numerosas socias e amigos do centro.

Tamén en relación ó Apóstolo organizaron no mes de setembro unha expedición que se desprazou a Galicia co gallo do Xace

ben 99. Un total de 150 persoas viaxaron en tres autocares e durante a súa estancia en Santiago, ademais de cumprir co xubileo, levaron a cabo diversas actividades e visitas a diversos lugares de interese cultural e turístico, sendo recibidos polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, ó que lle fixeron entrega do principal símbolo da cidade de Lleida, un cadro de 'La Seu Vella' en recordo da cidade, cun presente do seu alcalde Antoni Surana.

Festividades
Entre as festas que contan con gran cantidade de adeptos desta can a festividade de todos os santos e a Festa de Breogán e a Semana Cultural das Casas Rexionais de Lleida.

Antes de entrar no Nadal organizouse unha visita ós vellos do lugar na residencia de anciáns Juana Jugan para facerlles compañía durante a mañá dun domingo e alegrarlles un pouco da súa vida coas actuacións do grupo 'Xurdimento' e a coral 'Cengaller', dexesindolles así un bo Nadal e un feliz ano 2000.

Núm. 900 • Domingo, 24 de setembro de 2000.

revista

la Mañana

El Centro Galego de Lleida organiza a IV Xuntanza de Coros Galegos de Catalunya o próximo domingo 24 de setembro de 2000, ás 10:00 horas, no salón de actos do Centro Galego de Lleida. A entrada é libre e a xuntanza será adicada a Ángel Barja.

El Mercat

PERIÓDIC GRATUIT • Del 22 al 28 de maig de 2000 • ANY III • Núm. 86

GALICIA en el MUNDO

Esbozo o programa da entidade para este ano

O Centro Galego de Lleida edita o número 13 da súa revista 'Xurdimento'

LEIDA
Nas páxinas de 'Xurdimento', un dos principais órganos de difusión das actividades que se realizan na asociación do Segre levan a termo durante o ano.

Nas páxinas de 'Xurdimento', un dos principais órganos de difusión das actividades que se realizan na asociación do Segre levan a termo durante o ano.

Ademais, a revista contén un bolexiro de importantes artigos de opinión, narracións e colaboracións ós centros galegos por persoaxes como o presidente da Xunta, Manuel Fraga, o secretario xeral para as Illas, Fernando Armijo, e o cardinal arzobispo de Madrid, Antonio María Rouco, que apertan os seus esforzos para unha igrexa de persoaxes da cultura. Tamén conta con un bolexiro de opinións de carácter político e social.

Eis gallecos residents a Catalunya es troben a Lleida dissabte

Lleida acollirá agorá o sábado 22 de outubro, a Xuntanza de Coros Galegos de Catalunya, a primeira que se realiza no marco do programa de actos que se leva a cabo na cidade de Lleida. A xuntanza será adicada a Ángel Barja e terá lugar no salón de actos do Centro Galego de Lleida, ás 10:00 horas. A entrada é libre e a xuntanza será adicada a Ángel Barja.



Unha das actuacións da Xuntanza de Coros Galegos de Catalunya, adicada a Ángel Barja. A esquerda, o coro de Coros Galegos de Catalunya e a dereita, o coro de Coros Galegos de Catalunya.

MANUEL MURGUÍA, A CONCIENCIA DUN POBO

O SEU NACEMENTO

Moito se ten escrito acerca de don Manuel Murguía co gallo de adicárselle o Día das Letras Galegas. Nós tentaremos establecer un perfil do personaxe sen entrar en excesivos detalles, xa que é doado atopalos nos numerosos libros aparecidos ultimamente sobre esta figura.

Primeiro destacar que é máis coñecido Murguía non polo seu labor intelectual, senón, sobre todo, por ser o marido dunha grande muller, da nosa "Santiña", Rosalía de Castro. Sabemos que foi el quen animou á súa muller a escribir en galego e foi, ó longo de toda a súa vida, un defensor da obra e da figura de Rosalía.

O nacemento do rapaz Manuel é un tanto singular, pois ó igual que Rosalía, era fillo de pais solteiros (aínda que as últimas investigacións demostran que Rosalía xa tiña contacto con súa nai dende os cinco anos e, polo tanto, non foi tan traumático como se pensaba, o encontro entre nai e filla). Parece ser que dona Concepción Murguía Egaña e don Xoán Martínez de Castro casaron cando o neno xa tiña dous meses de vida. Manuel Antonio Martínez Murguía é, logo, o seu nome completo. Nace en 1833, xusto no ano en que Galicia pasa a estar dividida nas catro provincias que hoxe coñecemos, e xa non nas sete que constituían o Antigo Reino de Galicia (A Coruña, Santiago, Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui).

O día do seu nacemento é o 17 de maio. Por esa razón, Rosalía escolle esta data para o seu libro *Cantares gallegos*, conmemorando así o trinta aniversario do seu home. Así que ninguén máis adecuado que Murguía para representar o Día das Letras Galegas. Tamén o ano do seu nacemento é o ano da morte de Fernando VII e, con el, a fin do Antigo Réxime. É pois o inicio dun novo período histórico, no que o liberalismo proporciona unha nova maneira de ascenso social. Xa non só teñen posibilidades de progresar os fillos das familias aristocráticas, senón que calquera cun mínimo de formación é capaz, por si mesmo, de promocionarse socialmente. Neste senso, Murguía e o seu labor representará este espírito, pois a



Manuel Murguía

pesar de pertencer a unha familia da baixa burguesía (o seu pai era boticario), el será quen decida sobre o seu futuro. Así vemos como malia ser enviado a Madrid para estudar a carreira de Farmacia e, deste xeito, seguir a tradición familiar, Manuel decide adicarse ó xornalismo e a literatura.

A XUVENTUDE

En Madrid (1851-1864) contacta coa intelectualidade galega que alí mora e comeza un dos períodos da súa vida máis fructíferos. Como se pode ver na súa bibliografía, é poeta e novelista nos xornais galegos e madrileños da época, á vez que un interesantísimo articulista e ensaísta. Queremos sinalar que Murguía adicábase ás letras con éxito, que se gañaba moi ben a vida con esta actividade. Lembremos

que a súa novela *Desde el cielo* tivo nun ano máis de nove edicións e foi traducida ó inglés, alemán, francés e portugués. Segundo

Vicente Risco, Murguía gañaba 2000 pesos ó ano coa súa actividade como xornalista. Así que as penurias económicas ás que sempre se fai alusión ó falar do matrimonio Murguía de Castro, non viñan dadas tanto pola falta de ingresos como pola cantidade de cartos que gastaban. Pensemos que a familia levaba un alto nivel de vida, con varias persoas ó seu servizo e que, á vista das facturas que aínda se conservan, non aforraban demasiado. Tamén a súa familia non foi precisamente curta, pois tiveron sete fillos: Alexandra Teresa (1859-1937), Aura (1868-1942), os xémeos Gala (1871-1964) e Ovidio (1871-1900), Amara (1873-1921), Adriano (1875-1876) e Valentina (1877) que naceu morta. Curiosamente, ningún deles tivo, oficialmente, descendencia que sobrevivira ó ano de nacer, polo que malia o número de fillos Rosalía e Murguía non tiveron netos.

Foi tamén en Madrid onde Murguía e Rosalía que, seguramente xa se coñecían de Santiago, iniciaron ó seu noivado. Ambos os dous frecuentaban a mesma tertulia e despois de ano e medio, casan na Parroquia de San Ildefonso de Madrid.

A VOLTA A GALICIA. O COMPROMISO DEFINITIVO

Ás veces son os fillos que están lonxe da terra ós que máis a queren e máis a respectan (ben o sabemos os fillos de emigrantes). Foi este o caso de Murguía, pois nos anos que pasou fóra de Galicia, foi cando nace nel o entusiasmo por reivindicar o orgullo de ser galego. Así, cara a finais dos sesenta, Murguía abandona a prensa madrileña para colaborar en xornais galegos ou da emigración americana (*El Liceo de Cuba*). Aínda que vive algún tempo en Madrid, o seu pensamento e a súa obra xa están totalmente entregados ó traballo por Galicia. Así, alguén que se gaña perfectamente a vida como escritor e xornalista en Madrid decide un día mudar esta situación privilexiada e adicarse a un labor no que el cre e se sente necesario, aínda a costa de percibir un soldo menor.

Despois da revolución do 1868 iníciase o Sexenio Revolucionario en España, e Murguía, ben relacionado con algúns membros do goberno, é nomeado Secretario da Xunta Revolucionaria de Santiago e Xefe do Arquivo de Simancas (Valladolid). Permanece pouco tempo nesta cidade que non é do gusto del nin de Rosalía, aínda que o posto dálle acceso a numerosos documentos históricos de grande utilidade para as súas investigacións. Coa Restauración Murguía queda cesante como arquivero pero segue a ter colaboracións en revistas como xornalista, destacando o seu paso, como director literario, pola prestixiosa publicación *La Ilustración Gallega y Asturiana*, plataforma do seu pensamento a prol da dignificación da cultura galega.

O REXIONALISMO

Murguía, vinculado ó rexionalismo galego, é nomeado Cronista Xeral de Galicia en 1885, por iniciativa da Sociedade Económica de Amigos do País de Compostela. Este ano será tamén o da morte de Rosalía. Ó ano seguinte édítase *Los Precursores*, aínda que xa fora publicado parcialmente no *Eco de Galicia* da Habana. Con esta obra comézase a colección «Biblioteca Gallega» de Martínez Salazar. O libro representa unha grande ousadía para a época, pois describe feitos e personaxes contemporáneos nos que o propio autor se veu implicado. Nesta obra louba o labor dos chamados *Provincialistas* (opostos á nova división provincial que pretendía eliminar a idea de Galicia como un só reino, como unha nación histórica). É, logo, un libro comprometido no que expón o seu ideario e que lle valerá moitos inimigos.

Nesta etapa rexionalista combina os traballos eruditos e históricos coa actividade política. A monumental obra *Galicia* (Barcelona, 1988) é unha boa mostra desta mestura entre investigación e ideoloxía política que se explicitará aínda

máis no escrito de 1889 «El regionalismo gallego» (*El Eco de Galicia*, A Habana). Ese mesmo ano sae á rúa en Barcelona *El regionalismo de Alfredo Brañas* e ambas as dúas obras terán grande repercusión no pensamento rexionalista que inspirará a futuros movementos. Incluso o catalanismo é debedor, en parte, da ideoloxía exposta por Brañas como así o confesou anos despois o propio Cambó. As boas relacións entre cataláns e galegos pódese ver en 1890, cando Murguía le un discurso na *Lliga Regionalista de Barcelona* ó ser convidado como Mestre en Gay Saber dos *Jocs Florals* dese ano. A finais do mesmo créase en Galicia a Asociación Rexionalista Galega (ARG) no que Murguía é elixido presidente do Comité Central.

Os rexionalistas non queren a independencia de Galicia, pero si o recoñecemento da súa propia identidade como pobo diferenciado dentro do Estado e co dereito a ser gobernado por xentes do país coa equiparación do galego e o español no seu uso oficial.

Aínda que a lingua que emprega Murguía na escrita é xeralmente o castelán, publicara tamén algúns poemas en galego. Pero na celebración, en 1891, dos Xogos Florais de Tui é cando a teoría comeza a levarse á práctica. En galego non só debían ser os orixinais enviados ó concurso, senón que tamén o foron os discursos pronunciados por Murguía, polo bispo Lago González, por Cabeza de León e por Brañas. Este feito ten unha importancia extraordinaria, pois era a primeira vez que se pronunciaba un discurso oficial en galego na historia contemporánea de Galicia, e nin xiquera se fixera cousa igual nos Jocs Florals de Cataluña.

OS DERRADEIROS ANOS

Cos novos tempos, a superación do rexionalismo levará ó nacemento do nacionalismo pleno. Murguía xa vello non





se vincula explicitamente a este movemento, pero sempre é o punto de referencia para as xeracións que collen o relevo. A creación da Real Academia Galega e Murguía como Presidente dan mostra disto. Malia o paso dos anos, Murguía segue incansable o seu labor intelectual. Case centenario, morre en 1923, co recoñecemento do seu pobo como o amosan as homenaxes que se lle tributarán nos últimos anos.

MURGUÍA HISTORIADOR

Cando falamos de Murguía como historiador temos que ter en conta diferentes factores. En primeiro lugar hai que destacar que o método científico empregado non se corresponde cos que hoxe manexamos. Murguía parte da historiografía romántica, non sempre dotada dun máximo rigor científico, pero certamente a súa é moito máis rigorosa ca outras existentes, xa que Murguía tenta sempre apoiarse en textos e documentos que avalen a teoría. Tamén hai que dicir que a de Murguía diferénciase doutras historias polo feito de estudar a historia de Galicia autonomamente da de España.

Seguindo os pasos do historiador Thierry e non ó do modelo filosófico, a historia de Murguía concíbese como obra de arte, onde o estilo do autor para ilustrar algunhas pasaxes é moi importante. Así, entre 1865 e 1866, publica os dous primeiros tomos da súa *Historia de Galicia* deixando a súa prometedora carreira literaria. Os seguintes tomos foron aparecendo en 1888, 1891 e 1913, constituíndo un total de cinco volumes.

Indubidablemente, o discurso de Murguía é ideolóxico como, en realidade, o son todos. A súa visión de Galicia

sempre está ollada dende unha perspectiva nacionalista. Nacionalismo neste caso quere dicir que a nación vén dada pola existencia dun grupo humano que xera unha historia natural e espontánea, mesmo sen vontade dos seus propios membros. Un pobo ten en común: raza, lingua, costumes, mitoloxía, institucións, folclore e unha certa conciencia colectiva diferenciada das veciñas.

Así, para Murguía os galegos e Galicia son un colectivo diferenciado e posto en contacto con outros pobos que tiveron influencias entre eles. O celtismo e todo o «celta» é o elemento constitutivo esencial da galegitude. Aínda que hoxe os historiadores non se poñen de acordo acerca de qué é en realidade un «celta», Murguía artella todo este discurso para dotar a Galicia dunha historia, dunhas orixes gloriosas pertencentes a unha nación, á de Breogán que é diferente da doutros pobos de España. De todas maneiras tamén hai que sinalar que algunhas das propostas murguianas, moi discutidas noutros tempos, volven ter agora un certo predicamento. Murguía é, pois, un historiador intuitivo e as últimas investigacións sobre o celtismo están volvendo a darlle a razón. As influencias mútuas entre os pobos celtas parece ser moi potente, moito máis do que afirmaba ata agora, basicamente por falta de datos que garanticen estas afirmacións. Murguía consegue co rigor pero tamén co corazón, afondar na historia remota de Galicia, reivindicar a valía do pobo galego, entón absolutamente vilipendiado no resto da Península, onde a figura do «galego» era sinónimo de ignorante, atrasado e bufón (xunto cos vascos ou «vizcainos») das comedias españolas.

Valga esta lembranza para o noso agradecemento ó inmenso labor de don Manuel Murguía quen nos axudou a que os galegos agora, celtas ou non, sexamos o que queiramos ser.

CARGOS QUE OCUPOU MURGUÍA

1868: O 27 de decembro ingresa no Corpo de Arquivos, con destino en Simancas.

1870: É destinado como xefe ó Arquivo Rexional de Galicia.

1879: Por encargo de Alexandre Chao dirixe *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

1890: Preside a «Asociación Rexionalista Galega», creada en Santiago.

1897: A título honorario preside «A Liga Gallega» da Coruña.

1905: É nomeado Presidente da Real Academia Galega.

1913: Réndeselle unha homenaxe na Coruña á que asisten máis de 200 persoas e á que envían a súa adhesión escritores e intelectuais galegos, españois e europeos.

BIBLIOGRAFÍA DE MURGUÍA

LIBROS

- La primera luz*, Vigo, Juan Compañel, 1860.
Diccionario de escritores gallegos, Vigo, Juan Compañel, 1862.
De las guerras de Galicia en el siglo XV y de su verdadero carácter, A Coruña, 1861.
Historia de Galicia, T. I, Lugo, Soto Freire, 1865, T. II, Lugo, Soto Freire, 1866, T. III, A Coruña, Libr. de A. Martínez Salazar, 1888, Tomo IV, A Coruña, Libr. de E. Carré Aldao, 1891, T.V, A Coruña, 1911.
Memoria relativa al Archivo Regional de Galicia, A Coruña, 1871.
Biografía del P. M. Fr. Benito Gerónimo Feijóo, Santiago, Est. Tip. de El Diario, 1876.
El foro, Madrid, Libr. de Bailly Bailliere, 1882.
El arte en Santiago durante el siglo XVIII y noticia de los artistas que florecieron en dicha ciudad y centuria, Madrid, Est. Tip. de Fernando Fé, 1884.
Los Precursores, A Coruña, Latorre y Martínez Editores, Biblioteca Gallega, 1886.
Galicia, Barcelona, Daniel Cortezo, 1888.
El regionalismo gallego, La Habana, Imp. La Universal, 1889.
En prosa, (Contén a novela *El puñalito*), A Coruña, 1895.
Don Diego Gelmírez, A Coruña, Imprenta y Librería de Carré, 1898.
Los trovadores gallegos, A Coruña, Imp. de Ferrer, 1905.
Apuntes históricos de la provincia de Pontevedra, folletín de La Temporada, Mondariz, Imp. del Establecimiento, 1913.

RELATOS

- Un can-can de Musard* (conto), 1853.
Un artista (Conto), Madrid, 1853; co título de *Ignotus* in Los Precursores (1886).
Desde el cielo, (novela), Madrid, La Iberia, 1854; Vigo, Imp. de La Oliva, 1856; Madrid, Biblioteca de Escritores Gallegos, 1910.
Luisa (conto), Madrid, 1855 e A Coruña, 1862.
La Virgen de la Servilleta, (novela), Madrid, 1855.
El regalo de boda (novela), La Iberia, Madrid, 1855.
Mi madre Antonia, (novela), Vigo, La Oliva, 1856.
Don Diego Gelmírez, (novela) Madrid, La Oliva, 1856.
El ángel de la muerte, (novela), Madrid, La Crónica, 1857.
La mujer de fuego (novela), Madrid, 1859.

POEMAS

- “Nena d’as soledades” (poema), *La Oliva*, 27-2-56.
“Madrigal” (poema), *La Oliva*, 8-3-1856.
“La flor y el aire” (poema), *La Oliva*, 19-3-1856.
“A una paloma” (poema), *La Oliva*, 3-5-1856.
“A las ruínas del Castillo de Altamira” (poema), *La Oliva*, 31-5-1856.
“En un Álbum”, (poema), *La Oliva*, 31-5-1856.
“Al partir” (poema), *Galicia* (A Coruña), 1862, pág. 39.
Tres poemas na antoloxía *El Álbum de la Caridad*, A Coruña, 1862. Son os poemas “Madrigal”, “Nena d’as soledades” e “Gloria”.
“Sueños dorados” (poema), in GARCÍA ACUÑA (177) e antes no *Álbum de El Miño*.
“Ildara de Courel”, (poema), in GARCÍA ACUÑA (177-178).
“Soneto de Pardo de Cela”, (poema), in GARCÍA ACUÑA (179).
“Los versos fueron mi ilusión primera” (poema de 1903), in NAYA (1950: 104).

BIBLIOGRAFÍA SOBRE MURGUÍA

- ALONSO MONTERO, X. *Política y sociedad en Galicia*, Madrid, Akal, Arealonga, 8, 1974.
DURÁN, José Antonio, *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*, Madrid, Real Academia Galega, Fund. Caixa Galicia, 1998 (Contén 58 artigos de Murguía).
RABUÑAL, Henrique, *Manuel Murguía*, 2ª ed., Santiago, Lairovento, 1999. Contén “Nena d’as soledades”, “A Curros”, “Discurso nos Xogos Florais de Tui” e “Eduardo Pondal e a sua obra”.
RISCO, Vicente, *Manuel Murguía*, Vigo, Galaxia, 1976. Contén o Discurso nos Xogos Florais de Tui, “Eduardo Pondal e a sua obra”, “A Curros”, “Nena d’as soledades”, pasaxes de Los precursores (“Galicia” e “Rosalia”), “Discurso del Presidente” (na inauguración da Academia), “Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia”, “El regionalismo gallego” e “A Don Juan Valera”.

PURA SALCEDA
VILAFRANCA DEL PENEDES

FETS, COSTUMS I LLEGENDES

EL CARNESTOLTES

En tots els pobles de la nostra terra catalana, en la dècada dels anys 1920-1930, es feien unes festes de "Carnestoltes" molt llúides i participatives.

Els joves passaven per llur poble recollint alguna cosa per al sopar que organitzaven en cada lloc. La gent els posava, als cistells, ous, patates, botifarra, llonganissa, etc., i amb tot el que recollien feien un sopar.

També sabem que el jovent portava una llarga canya o bastó que era conegut amb el nom de "roster", el qual el portaven dos joves a coll, passant per tot el poble, i allí les dones els anaven penjant les llonganisses, les botifarres i tot allò que s'hi pogués penjar. Ells, amb això a coll, anaven cantant per tots els carrers del poble cançons al·lusives a la "capta" o arreplec.

"El "roster" que en portem
és més llarg que el mes de maig,
i per emplenar-lo
ja cal que poseu bon tall.

Aquest noi de la cistella,
És un gran jove i un gran hereu
Més s'estimaria a la vostra filla
Que tot el que li dareu."

LES OLLES DE CARNAVAL

Era costum el fer coques de greix per aquests dies, i també era costum que els joves entressin a les cases, en un descuit de les mestresses, i que els prenguessin les olles que tenien al foc. Un cop el jovent s'havia begut el caldo, els era reposada l'olla al foc, plena d'aigua.

Després de sopar, els nois, anaven a buscar les mosses i, a ballar... Si no s'anaven a buscar, les noies no sortien de casa. També hi havia algun cas que el pare de la noia no la deixava sortir amb aquell noi que l'anava a

buscar, ja que esperava que l'anés a buscar algú de "més categoria".

La gent anava pintada amb farina, pintura, màscares, etc., car ningú no portava careta, ja que això era molt mal vist, fins al punt que era considerat com a cosa del dimoni.

SETMANA SANTA

Un cop passat el Carnestoltes arribava la Quaresma, la qual cosa ja canviava l'actitud de tothom. Ara arribaven els dies de duresa, de penitència, d'austeritat.

La Setmana Santa era la culminació d'aquests dies, amb les processons, els Via Crucis, de dejuni i un seguit de tradicions. La processó del llogarret de Durro es distingia per la dura penitència que s'imposava als concurrents que hi assistien en compliment d'un vot o prometença.

Una de les Setmanes Santes més destacades de tot el Pirineu català, per no dir la més destacada, era la que tenia lloc a Barruera, on hi acudien gent de "moltes hores lluny".

LA CONYA

El dia de Pasqua, a més del cant de Caramelles, era típic pel fet de menjar-se la "truitada", que consistia en menjar-se una grossa truita feta amb tots els ous que durant la Quaresma haguessin agafat de "l'onnyal" (ponedor), a fi de fer aquesta truita. Hi havia truites de 18 ous. El fet d'amagar els ous era conegut com "amagar la Conya".

Unes boniques tradicions de la nostra terra que avui només són record.

JOAN BELLMUN I FIGUERAS

LOS CATALANES EN LA COMARCA DE FERROL

Durante la segunda mitad del siglo XVIII, cuando Ferrol ya era la capital del Departamento Marítimo del Norte, recibe un crecido número de emigrantes, tanto para la construcción de las numerosas obras, como para el suministro de los materiales y artículos de primera necesidad. Entre estos inmigrantes llegaron, mercaderes y marineros catalanes, que en su mayoría, adquieren carta de vecindad y sus apellidos llegaron a nuestros días en toda la comarca.

Se dedicaron, principalmente al comercio de importación o a la pesca, y dentro de esta última actividad, sobretudo a la sardina, especie muy abundante, que una vez salada y prensada, distribuían a nivel nacional e internacional. Los catalanes, no sólo se asentaron en esta comarca, para la explotación pesquera, sino en toda la costa gallega, introduciendo nuevas artes de pesca, traídas por ellos desde Levante, como la xábega, que junto a su espíritu emprendedor y a los adelantos introducidos aumentaron el rendimiento de la pesca y la industria conservera de pescado, basada en la salazón y el prensado. En principio estos métodos chocaron con los del país, que usaban el xeito como arte de pesca y ya exportaban sardina a Vascongadas, Santander y Portugal.


La competencia entre los pescadores gallegos y los catalanes, lleva a enfrentamientos entre ambos, cuya

forma más aparente la disputa sobre los aparejos usados por una y otra de las partes contendientes.

